

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	40

1. Introducción

O IES Valle-Inclán está situado no centro urbano de Pontevedra, nun edificio de comezos do século XX e é o primeiro instituto que existiu na cidade, evolucionando de instituto feminino ao actual.

Ten unha media de alumnado duns 700 alumnos, procedentes maioritariamente do centro da cidade e cun estatus de familias urbanas e de clase media. Hai tamén algún alumnado procedente doutras parroquias do concello e mesmo de concellos limítrofes. Polo tanto non hai transporte escolar, o que facilita realizar actividades na vila de Pontevedra, pero tamén "saír" do IES dentro do horario escolar, práctica bastante habitual no centro.

O IES presenta catro liñas de ESO (16 unidades) e cinco de Bacharelato (10 unidades), ofertando as modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais; ademais participa ou desenvolve diversos plans e proxectos: convivencia escolar, implantación das TIC, proxecto lector e varias seccións bilingües en inglés. Ofrece tamén ensinanzas de bacharelato para adultos en horario de tarde-noite. Asemade polas tardes impártense unha sección de inglés da EOI, cuns 30 alumnos (desde nivel básico a avanzado), e varios niveis do programa Quale en francés.

Os grupos que estudan no instituto no curso actual son, en horario diúrno: 16 cursos de ESO, cun total de 450 alumnos/as, e 10 cursos de Bacharelato, con 221 alumnos/as. En horario nocturno, de adultos, hai catro cursos de bacharelato, que se desdobran nas materias propias de modalidade, en total 24 alumnos-as. O alumnado total do centro é, neste momento, 671.

O problema máis salientable é, pola antigüidade do edificio, a falta de espazos axeitados para certas materias, coma a de Tecnoloxía ou a de Educación Física, e dun espazo de espaxamento para os recreos do alumnado, que saen á rúa situada diante da fachada do IES e aos seus arredores, así como a dificultade para facer desdobres e agrupamentos, ou de ter acceso a aulas de uso común, como as de Informática, pola falta de disponibilidade de aulas libres. Neste curso 2023-2024 vaise facer unha importante obra de reforma integral do edificio, moi necesaria, pero que pode conlevar dificultades no desenvolvemento ordinario das clases. Concretamente nos cursos da ESO obrigará a diversos cambios de aulas ao longo do curso, a medida que as distintas fases da obra vaian avanzando, o que afectará directamente ao alumnado da materia de latín.

Por outra banda o centro ten bo nivel académico, como o demostra o baixo número de repetidores do curso pasado e os resultados, xeralmente moi bos, nas probas da ABAU.

A convivencia é correcta e non hai habitualmente conflitividade entre profesorado, alumnado e familias, que adoitan colaborar e amosan preocupación polo rendemento escolar e polo comportamento dos seus fillos-as, polo que o grao de satisfacción xeral é alto. Aínda así percébase nos últimos cursos certa relaxación no comportamento, que levou a aumentar a conflitividade e os problemas de disciplina. Unha característica moi determinante do IES é a elevada ratio de case todos os niveis, mesmo nunha materia de opción como é o latín de 4º de ESO, o que fai difícil a atención individualizada.

En concreto o alumnado de latín, materia nova para todos, está formado por dous grupos claramente diferenciados: os alumnos vocacionais, con interese claro pola formación humanística e lingüística e un segundo grupo, que interpreta a rama humanística como un camiño aparentemente máis fácil para acadar os seus fins, neste caso o título da ESO e que non necesariamente vai continuar co estudo desta materia no bacharelato, mesmo pode non facer bacharelato. En todo caso a implicación e o grao de estudo adoitan ser satisfactorios en ambos grupos.

O número de alumnos-as no latín da ESO é bastante elevado, para os tempos que corren, e mantense todos os anos sen oscilacións significativas. No curso 2023-2024 hai un grupo de 4º de ESO de 27 alumnos-as, unha ratio bastante elevada, que condicionará o desenvolvemento do ensino-aprendizaxe.

A materia de Latín de 4º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia.

Esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, que representarán o 60% do peso na cualificación final, os contidos de tipo históricos, social, cultural, etc., representarán o 30 % e os léxicos terán un valor do 10% restante. Trátase de facer un reparto bastante equitativo, posto que o nivel de 4º de ESO é unha ponte para distintas opcións futuras: valorando case todos os contidos por igual, satisfacerase ao alumnado que opte polo itinerario de Humanidades no bacharelato (dándolles os contidos gramaticais fundamentais, pois para eles este é o primeiro ano de lingua latina), mais tamén traballando as nocións culturais, léxicas e de legado, faise un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos

En todo caso os contidos concretos que se establecen como horizonte nesta programación poden ser reducidos e/ou ampliados pola persoa docente, de acordo á marcha do curso e á percepción do grao de asimilación do

alumnado, tendo como única limitación o establecido na lexislación vixente.

Unidades didácticas (UD) e temporalización.

Faise un reparto equitativo das UD nas tres avaliacións (6/6/6), así como dos bloques de contidos, integrando en cada avaliación o bloque lingüístico, ao que se lle da prioridade nesta programación (3 UD por avaliación, 9 en total), en segundo lugar o bloque de cultura e legado (dúas UD cada avaliación, en total 6) e o bloques léxico (plurilingüismo), cunha UD por avaliación (3 en total).

O peso na cualificación final reflicte igualmente este reparto, supoñendo os contidos lingüísticos o 60% da mesma, fronte ao 30% o bloque cultural e o léxico 10%.

Criterios de avaliación.

De acordo á normativa vixente cada UD ten un peso determinado por avaliación. En canto ao peso na cualificación final as dúas primeiras avaliacións achegan o 33% cada unha e asígnaselle un peso do 34% á 3ª, que se valora algo máis polo carácter progresivo que os contidos lingüísticos teñen e o feito de que nesta última parte do curso xa se avalían todos eles. Non se da un peso maior a esta última pola dificultade que os contidos lingüísticos supoñen para parte do alumnado e por tratar de valorar, neste nivel de estudo obrigatorio, as aptitudes e capacidades do alumnado por igual, dándolle o maior número de oportunidades posibles e tendo sempre presente que, para moitos, este será o único e último achegamento á lingua latina. O que si se vai facer, para premiar o esforzo e mérito do alumnado que vaia mellorando ao longo do curso é contemplar a posibilidade de que a cualificación final sexa a mesma que a da 3ª avaliación, se a evolución do alumnado é claramente ascendente

De xeito concreto a materia de LATÍN na ESO persegue dous obxectivos primordiais: iniciar un estudo básico da lingua que é nexa e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos co mundo actual.

O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

Estes obxectivos poden explicarse dun xeito máis detallado nos seguintes:

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
6. Coñecer a orixe e a evolución das linguas romances para valorar os trazos e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
7. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
8. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes da información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.
11. Coñecer a influencia da mitoloxía en expresións culturais posteriores.
12. Coñecer os aspectos relevantes da herdanza romana no campo da literatura, da educación, da arte, da sociedade, da política..., establecendo un diálogo entre presente e pasado e valorando o papel da civilización latina na orixe da identidade europea.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingua latina I: Introducción á lingua latina.	1. O abecedario, a acentuación e as pronuncias da lingua latina. 2. Repaso de aspectos básicos de morfoloxía e sintaxe. 3. Características xerais da morfoloxía e sintaxe do latín: clases de palabras e os seus accidentes gramaticais; os casos: definición e funcións; as conxugacións verbais latinas. 4. Iniciación á tradución.	5	7	X		
2	Lingua latina II: A 1ª declinación.	1. A 1ª declinación. 2. Iniciación á tradución e retroversión de oracións. A concordancia e a orde de palabras. As oracións copulativas e predicativas 3. Vocabulario de uso común.	5	7	X		
3	Lingua latina III: A 2ª declinación e os adxectivos 2-1-2.	1. A 2ª declinación 2. Os adxectivos 2-1-2 3. Tradución e retroversión de oracións e textos. 4. Novo vocabulario de uso común e consolidación do xa adquirido.	10	7	X		
4	Roma pasado e presente I: Historia de Roma e pervivencia.	1. A xeografía e a historia de Roma (xeografía de Roma; a súa fundación; períodos; acontecementos salientables e personaxes destacados). 2. Roma no mundo actual: pervivencia do legado material (restos arqueolóxicos conservados, monumentos, representacións artísticas...) e inmaterial (mitoloxía, institucións, rituais...) Farase un achegamento á xeografía, historia, sociedade, sistemas políticos e manifestacións artísticas de Roma dende un punto de visto crítico, destacando, por unha banda, aqueles aspectos positivos da civilización romana que poden servir de modelo para a sociedade actual, sen ocultar, pola outra, todos aqueles outros que entran en conflito cos valores dunha sociedade libre e democrática. Paralelamente hase insistir na importancia do legado do mundo clásico na sociedade europea e occidental en xeral: sistemas políticos e institucións, artes en xeral (especial referencia á importancia da mitoloxía nas artes plásticas).	5	6	X		
5	Roma pasado e presente II: A transmisión dos textos e os soportes de escritura.	1. Os diferentes sistemas de escritura. 2. Evolución do latín (o indoeuropeo; as etapas do latín; latín vulgar e culto;	5	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Roma pasado e presente II: A transmisión dos textos e os soportes de escritura.	parentesco con outras linguas europeas e do resto do mundo). 3. Evolución do latín e influencia nas nosas linguas. 4. A educación en Roma. Comparación co mundo actual.	5	5	X		
6	Léxico latino e plurilingüismo I: Introducción.	1. Os formantes latinos máis habituais: prefixos, lexemas e sufixos. 2. Composición e derivación para formar novas palabras, tanto en latín como nas linguas do alumnado. 3. Introducción ao significado etimolóxico das palabras. 4. Diferenzas entre palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos e latinismos.	3	3	X	X	X
7	Lingua latina IV: A 3ª declinación.	1. A 3ª declinación. Palabras parisílabas e imparisílabas. 2. Os adxectivos da 3ª declinación. 3. A tradución e a retroversión de oracións e textos. 4. Vocabulario frecuente e fórmulas latinas máis comúns. Nesta UD preténdese que o alumnado comece a dominar de modo automático unhas mínimas fórmulas básicas da lingua latina como o saúdo, a despedida, frases para expresar que non entende algo, que quere que se repita, fórmulas de petición de permiso para ir ao baño, saír da aula, etc. O obxectivo é que interiorice certas expresións idiomáticas asociadas a determinados contextos, sempre vinculados a preguntas e respostas básicas na vida diaria. O aprendido nesta UD é moi importante de cara ao resto do curso, porque supón o soporte da comunicación básica na aula entre profesorado e alumnado, aínda que seguirase traballando nas UD seguintes.	5	7		X	
8	Lingua latina V: A flexión verbal (voz activa).	1. Presente e pretérito imperfecto de indicativo do verbo sum e das catro conxugacións regulares en voz activa. 2. Pretérito perfecto de indicativo de verbo sum e das catro conxugacións regulares en voz activa. 3. Tradución e retroversión de oracións e textos. 4. Lectura e interpretación de textos sinxelos adaptados. 4. Vocabulario de uso común. 5. Fórmulas latinas de uso cotiá.	5	7		X	
9	Lingua latina VI: O sistema pronominal (pronomes persoais	1. Introducción ao sistema pronominal. 2. Os pronomes persoais e os posesivos.	10	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	e posesivos; pronome fórico)	3. O pronome fórico is-ea-id. 3. Tradución e retroversión de oracións e textos. 4. Lectura e interpretación de textos sinxelos adaptados. 4. Vocabulario de uso común e consolidación do xa coñecido. 5. Fórmulas latinas de uso cotiá (saúdo, presentación, descricións...).	10	7		X	
10	Roma pasado e presente III: A sociedade romana a a súa influencia. Análise crítica.	-Principais aspectos da sociedade romana e aportación á nosa identidade como sociedade. -Análise crítica da sociedade romana, prestando atención especial á escravitude e ao papel da muller.	5	6		X	
11	Roma pasado e presente IV: Concepto de humanismo e a súa presenza na sociedade actual.	-Farase unha especial referencia ao concepto de humanismo e á recuperación do mundo clásico a partir do século XIV. -Roma no mundo actual: pervivencia do legado material (restos arqueolóxicos conservados, monumentos, representacións artísticas...) e inmaterial (mitoloxía, institucións, rituais...). Hase insistir na importancia do legado do mundo clásico na sociedade europea e occidental en xeral.	5	5		X	
12	Léxico latino e plurilingüismo II: Continuación.	1. Os principais cambios fonéticos no paso do latín culto e vulgar ás linguas do alumnado. 2. Comparación entre linguas según a súa orixe e parentescos.	3	3		X	X
13	Lingua latina VII: A 4ª e 5ª declinacións.	1. A 4ª e a 5ª declinacións. 2. A tradución e a retroversión de oracións e textos. 3. Vocabulario frecuente. 4. Fórmulas latinas máis comúns. 5. Comunicación oral en latín: repaso e uso das fórmulas principais.	5	7			X
14	Lingua latina VIII: A flexión verbal (voz pasiva). A oración pasiva.	1. Presente e pretérito imperfecto de indicativo do verbo sum e das catro conxugacións regulares en voz pasiva. 2. Pretérito perfecto de indicativo de verbo sum e das catro conxugacións regulares en voz pasiva. 3. A oración pasiva: constituíntes. 4. Tradución e retroversión de oracións e textos. 5. Lectura e interpretación de textos sinxelos adaptados. 6. Vocabulario de uso común. 7. Fórmulas latinas de uso cotiá e produción de pequenos diálogos en latín.	5	7			X
15	Lingua latina IX: As oracións simples e compostas. A oración	1. Oracións simples e compostas: tipos e exemplos.	10	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15	de relativo.	2. O pronome relativo. 3. Sintaxe da oración subordinada de relativo. 4. Tradución e retroversión de oracións e textos. 5. Lectura e interpretación de textos sinxelos adaptados. 6. Vocabulario de uso común. 7. Fórmulas latinas de uso cotiá e produción de pequenos textos en latín.	10	7			X
16	Roma pasado e presente V: A literatura latina e o seu legado.	-Achegamento á literatura latina no seu conxunto e á importancia da lingua latina como vehículo de expresión non soamente da literatura senón de toda actividade humana, con incidencia especial na lexislación e saber científico. -Identificación das obras fundamentais da literatura latina e a súa pervivencia a través da tradición clásica. -Técnicas básicas de comentario de texto histórico-literario sobre textos clásicos breves e significativos..	5	6			X
17	Roma pasado e presente VI: A Romanización de Hispania e Gallaecia.	-A romanización. Roma en Hispania e Gallaecia. Revisión dende unha perspectiva actual. -Pegadas da romanización de Hispania e da Gallaecia. -Perduración do legado material (restos arqueolóxicos conservados, inscricións, monumentos, representacións artísticas...) e inmaterial (mitoloxía, institucións, oratoria, dereito, rituais e celebracións...). -Interese no proceso de conservación e difusión do patrimonio arqueolóxico da contorna.	5	5			X
18	Léxico latino e plurilingüismo III: Conclusión.	1. Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. -Preténdese un achegamento á lingua latina como ferramenta para mellorar a comprensión das linguas coñecidas polo alumnado e a súa capacidade de expresión, tanto oral como escrita, tanto na lingua propia como noutras nas que se poida expresar. Ademais como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas. Darase unha atención especial aos prefixos, raíces e latinismos de uso máis habitual.	4	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lingua latina I: Introducción á lingua latina.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	80
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.

UD	Título da UD	Duración
2	Lingua latina II: A 1ª declinación.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.

UD	Título da UD	Duración
3	Lingua latina III: A 2ª declinación e os adxectivos 2-1-2.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.

UD	Título da UD	Duración
4	Roma pasado e presente I: Historia de Roma e pervivencia.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes máis salientables, relacionando os datos con referentes actuais.	PE	80
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	20
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.

UD	Título da UD	Duración
5	Roma pasado e presente II: A transmisión dos textos e os soportes de escritura.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	PE	80
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado material e inmaterial da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
6	Léxico latino e plurilingüismo I: Introducción.	3

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo	PE	80
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.

UD	Título da UD	Duración
7	Lingua latina IV: A 3ª declinación.	7

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula sobre asuntos da vida cotiá, amosando cortesía e respecto polas opinións dos demais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúdo e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
8	Lingua latina V: A flexión verbal (voz activa).	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	TI	20
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula sobre asuntos da vida cotiá, amosando cortesía e respecto polas opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
9	Lingua latina VI: O sistema pronominal (pronomes persoais e posesivos; pronome fórico)	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	TI	20
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula sobre asuntos da vida cotiá, amosando cortesía e respecto polas opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
10	Roma pasado e presente III: A sociedade romana a a súa influencia. Análise crítica.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades actuais.	PE	80
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	20
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.

UD	Título da UD	Duración
11	Roma pasado e presente IV: Concepto de humanismo e a súa presenza na sociedade actual.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias sobre personaxes e acontecementos históricos, sociais e relixiosos xa estudados.	PE	80
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas e literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	20
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.

UD	Título da UD	Duración
12	Léxico latino e plurilingüismo II: Continuación.	3

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.	PE	80
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
13	Lingua latina VII: A 4ª e 5ª declinacións.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula sobre asuntos da vida cotiá, amosando cortesía e respecto polas opinións dos demais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúdo e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
14	Lingua latina VIII: A flexión verbal (voz pasiva). A oración pasiva.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	TI	20
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula sobre asuntos da vida cotiá, amosando cortesía e respecto polas opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
15	Lingua latina IX: As oracións simples e compostas. A oración de relativo.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado	PE	80
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación feita.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	TI	20
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula sobre asuntos da vida cotiá, amosando cortesía e respecto polas opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - etc. - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
16	Roma pasado e presente V: A literatura latina e o seu legado.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	PE	80
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	TI	20
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoo como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoo como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.

UD	Título da UD	Duración
17	Roma pasado e presente VI: A Romanización de Hispania e Gallaecia.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.	PE	80
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.

UD	Título da UD	Duración
18	Léxico latino e plurilingüismo III: Conclusión.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	PE	80
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do

Contidos

- repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proceso de ensino-aprendizaxe farase cunha sistemática diferente de acordo aos contidos impartidos (culturais e de legado, léxicos ou lingüísticos).

CONTIDOS CULTURAIS E DE LEGADO:

1. Expoñer o plan de traballo.
2. Farase explicación teórica dos contidos por medio de apuntamentos proporcionados pola profesora.
3. Acompañaranse os contidos impartidos con material audiovisual (imaxes, vídeos, presentacións en power point ou recursos de Internet). Comentario e interpretación das imaxes que aparecen nos apuntamentos, de gran carga informativa.
4. Proporase (na 3ª avaliación) un traballo de investigación (individual ou en parella) sobre algún dos temas tratados ou algún tema transversal, que deberá presentarse en forma audiovisual e expoñerse na clase.
5. Farase, de cando en vez, unha clase invertida: propónse ao alumnado un texto, un vídeo ou unha cuestión para traballar na casa; na aula faranse actividades sobre o proposto, o alumnado exporá as súas dúbidas e os seus resultados e, ao final, os compañeiros e a profesora resolverán os problemas e extraerase a información correspondente.
6. Aconsellarase aos alumnos sobre bibliografía adecuada e que poida gustarlles sobre cultura clásica ou ben directamente autores latinos accesibles para eles, así como información das páxinas web de Cultura Clásica de máis interese, para fomentar a lectura e o uso responsable de Internet.

A avaliación destes contidos farase:

- Por medio de probas escritas obxectivas.
- A través de traballos, dos que se lle proporcionará rúbricas previamente aos alumnos.
- Con lecturas (voluntarias ou obrigatorias) relacionadas con algún dos temas tratados.

CONTIDOS LÉXICOS:

1. Selección do vocabulario de uso máis habitual. Exercicios de derivación e composición nas linguas do alumnado.
2. Traballo oral coas expresións máis frecuentes na vida cotiá, para poder manter pequenos diálogos en latín.
3. Traballo cooperativo en grupo sobre cuestións de léxico e etimoloxía, acompañándoas sempre de exercicios prácticos que fomenten o seu bo uso en castelán e galego. Buscaranse ademais expresións latinas utilizadas nos xornais e noutros medios de comunicación e nas redes sociais.

CONTIDOS LINGÜÍSTICOS:

Ao non haber necesariamente continuidade entre o curso de 4º de ESO e o de 1ª de Bacharelato o enfoque que se fai da lingua latina, pode combinar un enfoque gramaticista (A), imprescindible cun achegamento máis intuitivo á lingua, ao estilo dos métodos de estudo das linguas modernas (B).

A)

1. Expoñer o plan de traballo.
2. Comezase por unha breve exposición onde se mostra o que se vai aprender e como, ademais dunha sección que repasa noções de obrigada coñecemento para comprender o que ven a continuación, mesmo noções de lingua castelá ou galega.
3. A forma habitual de dar a clase será por medio dunha breve explicación teórica, sempre por apuntamentos entregados na clase.

Todos o material poñeranse tamén na plataforma EVA Edixgal a disposición do alumnado.

4. Cada clase comezará cun repaso do impartido o día anterior, e ao remate dun tema farase un repaso xeral de toda a materia.

5. Despois da explicación a maior parte do tempo adicarase a actividades de carácter práctico: cuestións de comprensión gramatical, exercicios, e sobre todo tradución. A clase é fundamentalmente interactiva e propiciárase a intervención e participación activa do alumnado, como forma de facela máis dinámica e especialmente de coñecer o grao de comprensión de cada alumno así como o traballo e esforzo na aula e na casa. Esta interacción farase tanto individualmente como en grupo.

6. Ao traballo realizado en clase engadiráselle o mandado para realizar na casa. Serán tarefas que versarán sobre o explicado cada día, para fomentar o esforzo persoal e para ensinar aos alumnos a afrontar sós o traballo, propiciando a autonomía persoal na realización de tarefas e a resolución de problemas por si mesmos.

Para fomentar o hábito de uso da Aula Dixital parte destas actividades faranse a través deste medio. Devolverase corrixido este traballo individualmente a cada un dos-das alumnos-as.

Ese traballo feito na casa porase en común cos compañeiros posteriormente, facendo un proceso de autoavaliación e coavaliación. Revisaranse e emendaranse de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora.

7. Intentarase sempre acompañar as explicacións de cada día (lingüísticas, culturais, literarias...) con comentarios sobre a vida, cultura, relixión ou mitoloxía clásicas, aínda que non formen parte do currículo estrito, pero cuxo coñecemento considérase interesante para os alumnos e capaz de incentivar a súa curiosidade; utilizaranse tamén documentos extraídos da prensa, ou doutras procedencias: mapas, gráficos... Deste xeito únense e repásanse os contidos lingüísticos e culturais nun todo.

B)

1. Lectura constante de textos de dificultade graduada, dos contidos xa tratados (de historia, sociedade, mitoloxía ou vida cotiá) e co uso do vocabulario máis frecuente, para conseguir unha aproximación intuitiva aos textos, co fin último de acceder aos textos da literatura latina a través da súa lectura; neste caso a metodoloxía pasa polo uso de preguntas, repeticións de expresións e realización constante de exercicios de uso da lingua; neste método a gramática e a sintaxe son secundarias, pois, aínda que hai aclaracións de natureza gramatical, non son o obxectivo último, senón a comprensión e, ao mesmo tempo, a pronuncia correcta ao leer en latín e unha introdución á expresión oral en latín.

-Unha vez rematadas estas dúas fases (a de información proporcionada pola profesora e a do traballo executado polos alumnos) procederase a facer probas de avaliación dos resultados (escritas, orais, observando o traballo na aula, mediante algunha lectura obrigatoria ou voluntaria ou facendo algún traballo individual ou en grupo), das formas seguintes:

a) Control periódico da asimilación do alumnado, por medio da observación do traballo habitual na clase, de forma individual ou colaborativa (participación, realización dos exercicios, comprensión e atención).

b) Probas escritas frecuentes, que sempre recollerán os catro bloques temáticos do currículo e que serán fundamentalmente prácticas, para ter en conta todos os criterios de avaliación; nelas figurarán actividades semellantes ás feitas na aula a cotío.

c) Exposicións orais en latín por parte da profesora e dos alumnos-as, ben sobre un tema previamente acordado, ben un sinxelo diálogo cos termos de uso máis frecuente.

d) Lectura de textos en latín e versión aproximada ás linguas do alumnado, respostando, ao mesmo tempo, as preguntas de comprensión formuladas (en latín) pola profesora.

A combinación destas dúas prácticas metodolóxicas farase de acordo ás características dos grupos e á percepción da súa asimilación da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Apuntamentos de contidos, ilustrados con imaxes. Boletíns de exercicios prácticos.
2. Métodos de estudo activo da lingua: a) Familia Romana, de H.H. Orberg. b) Via Latina. De lingua et uita Romanorum., de M ^a . L. Aguilar e J. Tárrega. c) Forum. Lectiones Latinitatis Viuae.
3. Caderno de clase.
4. Lecturas, obrigatorias e voluntarias.

5. Recursos de avaliación.
6. EVA Edixgal.
7. Materiais audiovisuais e recursos TIC.
8. Actividades complementarias.

1. Non se utiliza libro de texto (nin en papel nin dixital). Aos alumnos-as se lles proporcionarán os contidos en formato papel por medio de apuntamentos fotocopiados ilustrados con imaxes, das UD que se deben estudar e que incluírán os catro bloques do currículo: textos, léxico latino e plurilingüismo, o presente da civilización latina e o legado. Igualmente boletíns de traballo práctico, con exercicios e selección de textos en latín, para levar a cabo a práctica da tradución, o traballo do léxico e a lectura.

Estes apuntamentos serán os que se utilizarán para o achegamento máis tradicional e gramaticista á lingua latina.

2. Métodos de estudo activo das linguas. Selección de textos dos manuais anteriormente citados para a aprendizaxe progresiva e intuitiva da lingua, elixindo diversos temas: a vida na sociedade romana, a historia de Roma, a mitoloxía e as lendas e as expresións máis comúns na vida cotiá. Os máis utilizados serán:

-Familia Romana, de H. H. Orberg. É o primeiro libro do método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Ten cantidade de materiais complementarios en rede, que permiten ao compartir experiencia con docentes tanto en España como no resto do mundo. Debido a que a historia do libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida é convinte combinar o seu uso con outros manuais como

-Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.^a L. Aguilar e J. Tárrega, que presenta como fío condutor dos textos, a historia de Roma. Isto permite vincular a explicación ou tratamento doutros tipos de contidos (por exemplo, históricos). Os textos van acompañados de todo tipo de actividades e síntese gramatical ao final de cada lección.

-Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV. Este método procura claramente a aprendizaxe do latín como lingua de comunicación para a vida cotiá. Isto fai que traballe especialmente os diálogos, así como temas e campos semánticos moi vinculados á actualidade. Del pódese obter un grande caudal de expresións e usos para mellorar a capacidade de expresión en latín na aula e o uso activo da lingua.

3. Caderno de clase. É imprescindible para a parte de lingua e textos (exercicios prácticos), de léxico e de cultura (esquemas e resumos). Utilizárase de forma habitual na clase e tamén na casa e revisarase de cando en vez.

4. Selección de lecturas de textos de autores latinos orixinais e de autores actuais, atendendo a dous campos: por unha banda autores que escriban sobre temas relacionados coa cultura clásica e que ilustrarán os seus coñecementos de historia, cultura, mitoloxía e vida cotiá dos romanos; por outra, selecta de textos representativos da literatura clásica latina e de obras posteriores ou contemporáneas, para facer, dun xeito sinxelo, literatura comparada e ver a influencia e pervivencia destas grandes obras na literatura de todos os tempos. Para este fin vaise utilizar o catálogo existente na biblioteca do IES, o que permite tamén familiarizar ao alumnado co seu uso.

5. Recursos de avaliación: probas de avaliación inicial, indicadores de avaliación continua e unha proba final, o que permite coñecer en todo momento a marcha do alumnado. Estes recursos terán como característica común a variedade nos métodos: probas escritas, probas orais, cuestionarios, xogos, traballos, presentacións...

As probas escritas tamén serán diversas para percibir o grao de comprensión e aproveitar os talentos de todos: preguntas curtas, de desenvolvemento, exercicios prácticos, test...

6. A Plataforma EVA Edixgal é un recurso con distinta funcionalidade: formativa (achegamento de materiais e recursos prácticos e teóricos), informativa (programación e resumo da mesma; calendario...); interactiva (realización de diferentes actividades) e o espazo de comunicación con todo o alumnado, mesmo co que non asistira á clase.

7. Materiais audiovisuais e recursos TIC. Este recurso vaise usar de dúas formas:

-Por parte da profesora utilizaranse vídeos, escenas de películas, DVDs, páxinas web, blogs de Internet ou calquera outro recurso multimedia ou dixital que axude na aprendizaxe dos temas dados e a faga máis atractiva. A temática é fundamentalmente cultural, artística, mitolóxica e da vida cotiá dos romanos; tamén accederase en imaxes por medio de Internet aos restos arqueolóxicos principais e aos monumentos máis destacados que se conservan. Todas as UD teñan a súa correspondente presentación en imaxes.

-Por parte do alumnado usaranse estes mesmos medios e calquera outro tipo de documentos (mapas, gráficos, revistas, imaxes...) que inclúan os contidos impartidos, para adquirir o hábito de manexar outras fontes de información, aprender a seleccionar e vulgar a información, respectar a propiedade intelectual e facer a aprendizaxe máis variada e efectiva, pero tamén para propiciar os traballos de investigación e as actividades colaborativas sobre temas propios ou transversais, relacionados co mundo clásico, fomentando a creatividade.

8. Actividades complementarias. Propiciaranse as saídas ou actividades fora da aula, a ser posible en colaboración con outros departamentos, para favorecer a transversalidade e a interdisciplinariedade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

PASOS:

En Latín de 4º de ESO o alumnado é completamente descoñecido para a profesora. É unha materia nova para todos, polo que non teñen coñecementos previos e están todos ao mesmo nivel. Pártese de cero, sen necesidade, de entrada, de facer reforzos iniciais nin adaptacións curriculares. Para evitar xuízos previos erróneos e tratar de saber o seu nivel cultural e lingüístico faise o seguinte:

1. Revísanse os coñecementos previos necesarios para entender a materia, concretamente cuestións lingüísticas imprescindibles en castelán ou galego, como os tipos de palabras e as funcións sintácticas.
2. Faise unha primeira proba moi elemental das características da lingua latina, que se explican os primeiros días de clase, antes da avaliación inicial (de outubro), o que permite coñecer ao alumnado e ver se é posible seguir avanzando ou revisar o visto. Esta proba permite ademais saber o grao de entendemento de cada un, o interese posto e dá idea da súa capacidade de expresión lingüística.
3. Os coñecementos de legado romano non se poñen a proba, posto que e o alumnado que estudou Cultura Clásica en 3º tería vantaxe sobre o que nunca tivo esta materia.
4. É útil coñecer tamén que alumnado cursou Cultura Clásica na ESO o a está a cursar en 4º de ESO, para ter idea dos coñecementos xerais da clase sobre a historia, sociedade e cultura romanas, mitoloxía, legado e outras cuestións interesantes para un estudo completo do mundo romano.
5. Faise unha consulta sobre os motivos do alumnado para elixir a materia, que dan idea do seu interese humanístico, da súa intención de acadar unha boa nota ou da súa estratexia de fuxir doutras materias.
6. Por último o Departamento de Orientación transmite a información sobre o alumnado repetidor ou con necesidades educativas específicas, que se terán en conta para a ubicación na aula, a elaboración das diferentes probas ou para o trato diario co alumnado.

INSTRUMENTOS:

1. Proba escrita, non cualificable, sobre coñecementos elementais da cultura romana e da lingua latina.
2. Proba escrita, cualificable, sobre os conceptos iniciais da lingua latina (características morfolóxicas e lectura do latín clásico).
3. Diálogo cos propios alumnos-as sobre as súas motivacións e os seus obxectivos.

MEDIDAS COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS:

1. Se se advirten malos resultados pola falta de coñecementos previos, incídese nas explicacións culturais e lingüísticas imprescindibles para seguir avanzando coa materia.
2. Se o que se percibe é falta de comprensión ou interese pola nova materia exposta adoptaranse cambios na metodoloxía:
 - o Realización de esquemas, mapas conceptuais e resumos.
 - o Traballo en equipo.
 - o Máis actividades de traballo práctico e menos exposicións teóricas.
 - o Exames orais e exposicións a través das TIC.
3. Se os problemas non son de grupo senón individuais, procederase a aplicar medidas puntuais de atención á diversidade co asesoramento do Departamento de Orientación.

A programación modificarase ou adaptarase en función dos resultados percibidos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	5	5	3	5	5	10	5
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	3	5	5	10	5	5	4	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A avaliación é continua e progresiva. A materia é acumulativa por avaliacións e non eliminatoria, polo que os contidos impartidos na primeira avaliación serán obxecto de estudo tamén na segunda e na terceira. Aplicarase este criterio a todos os contidos do BLOQUE 3 (Comprensión e interpretación dos textos). Os contidos culturais, léxicos e de legado: BLOQUES 1, 3 e 4 (1. O presente da civilización romana; 2. Latín e plurilingüismo; 4. Legado e patrimonio) parcelaranse por avaliacións e eliminaranse en avaliacións posteriores.

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para a cualificación utilizaranse as probas escritas (probas obxectivas ou exames, tarefas, boletíns, traballos da plataforma Edixgal...) adaptados aos contidos das UD avaliadas, e as táboas de indicadores (fundamentalmente rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo). A porcentaxe asignada a cada un destes instrumentos aparece reflectida en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación asignado á mesma.

3. CONTIDOS.

Esta programación prioriza os contidos de natureza lingüística, que suporán o 60% do peso na cualificación final (UD1, 2, 3, 7, 8, 9, 13, 14 e 15) fronte aos contidos culturais, que suporán o 30% (UD 4, 5, 10, 11, 16 e 17) e os léxicos, o 10% restante (UD6, 12 e 18). O peso específico da cada UD figura no apartado correspondente de avaliación das UD.

4. AUSENCIA DE ALUMNADO NOS EXAMES.

En caso de faltar a calquera das probas avaliadas feitas, o alumnado terá dereito a repetila nunha data acordada coa profesora e previa presentación de xustificante paterno/materno de dita falta. Se a falta non se xustifica debidamente, realizarase esa proba o primeiro día que o alumno-a asista a clase.

5. ALUMNADO QUE COPIA NOS EXAMES.

Se se "pilla" a algún alumno-a copiando durante un exame con "chuletas" ou calquera outro sistema, procederase do seguinte xeito:

Se é ao inicio do exame, continuará co mesmo sen axuda; se é ao longo do exame, se lle retirará o mesmo e se lle repetirá o máis pronto posible, se fora posible no mesmo día.

6. CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

1ª AVALIACIÓN:

SEIS UD

Terase en conta para a cualificación:

- Probas obxectivas: faranse catro ou cinco exames por avaliación, dos que se fará media aritmética.
- Traballo na clase e na casa

FÓRMULA para a nota final: $(E1 + E2 + E3 + E4) / 4 \times 0,8 + (\text{TRABALLO}) \times 0,2$

2ª AVALIACIÓN:

SEIS UD:

Cualificación:

- Probas obxectivas: faranse catro ou cinco exames por avaliación, dos que se fará media aritmética.
- Traballo na clase e na casa

FÓRMULA para a nota final: $(E1 + E2 + E3 + E4) / 4 \times 0,8 + (\text{TRABALLO}) \times 0,2$

3ª AVALIACIÓN:

Terase en conta para a cualificación:

- Probas obxectivas: faranse catro ou cinco exames por avaliación, dos que se fará media aritmética.
- Traballo na clase e na casa

FÓRMULA para a nota final: $(E1 + E2 + E3 + E4) / 4 \times 0,8 + (\text{TRABALLO}) \times 0,2$

-A cualificación resultante, se ten decimais, poderá redondearse cara ao enteiro seguinte a partir do 0,6; se a cualificación ten como decimais 0,5 aproximarase ao enteiro superior sempre que a profesora o considere oportuno. Porén para o cálculo da cualificación final utilizaranse as notas reais, con decimais, e non as redondeadas.

6. CUALIFICACIÓN FINAL:

A 1ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

A 2ª avaliación achega o 33 % da cualificación final.

A 3ª avaliación achega o 34 % da cualificación final.

FÓRMULA: $(\text{Cualificación } 1^{\text{ª}} \text{ AVALIACIÓN} \times 0,33) + (\text{Cualificación } 2^{\text{ª}} \text{ AVALIACIÓN} \times 0,33) + (\text{Cualificación } 3^{\text{ª}} \text{ AVALIACIÓN} \times 0,34)$

PRECISIÓNS:

-Faise a precisión de que se a evolución dun alumno-a é marcadamente ascendente, a nota final será a que acade na terceira avaliación, polo carácter progresivo da materia e a crecente dificultade da mesma. Non se lle da máis valor, porén, á última avaliación polas dificultades que certo alumnado amosa a medida que se van incorporando contidos lingüísticos e por dar o maior número de oportunidades a todos.

-A cualificación final resultante, se ten decimais, redondearase cara á unidade superior seguinte a partir do 0,6; se a cualificación ten como decimais 0,5 aproximarase á cualificación enteira superior de acordo ao criterio da docente.

-A fórmula aplicarase cunha única limitación, que é ter aprobada, cun 5 polo menos, a 3ª avaliación; é dicir, mesmo tendo algunha avaliación suspensa, se a 3ª está aprobada e a fórmula final da un resultado de 5 ou superior, considerarase aprobada a materia, pero a fórmula non se aplicará se esta 3ª avaliación ten unha cualificación inferior ao 5.

Criterios de recuperación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

PROBAS DE RECUPERACIÓN:

-1. O alumnado suspenso nalgunha avaliación terá a posibilidade de facer unha recuperación parcial dos contidos lingüísticos de cada avaliación despois da cada unha delas, cunha proba escrita obxectiva.

Os contidos léxicos e culturais recuperaranse por medio de probas orais ou traballos previamente acordados.

No caso de aprobar, dita avaliación considerase aprobada e contará como tal; no caso de suspendela, poderase aprobala superando a avaliación seguinte, posto que conterá cuestións de ambas avaliacións por seren contidos progresivos. En todo caso, os alumnos que suspenderan algunha das avaliacións e non recuperaran terán a posibilidade de tratar de recuperar nunha última proba final, que incluíría contidos de todo o curso.

-2. A fórmula de cualificación final aplicarase a todo o alumnado que teña aprobada a 3ª avaliación, independentemente das cualificacións das avaliacións ou recuperacións previas.

As notas obtidas nos exames de recuperación serán as que computarán para a cualificación final do curso.

PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN:

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña en aplicación das fórmulas previamente expostas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.

O alumnado con algunha avaliación suspensa non recuperada ou coa 3ª avaliación suspensa recibirá un breve informe cos obxectivos non alcanzados nas avaliacións, o procedemento para os recuperar (ben mediante proba, ben mediante traballo e/ou exercicios) e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios. En xeral poderán recuperar mediante traballos ou exercicios os alumnos cuxa cualificación estea entre 4 e 4,5 mentres que terán que facer unha proba específica dos contidos e criterios non superados aqueles que están por debaixo do 4 na cualificación final de curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definatorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade poden ser: organizativas, metodolóxicas e curriculares.

O R G A N I Z A C I Ó N D A AULA.

1. Situar ao alumnado con dificultades de calquera tipo cerca da profesora, para poder atendelo con preferencia.
2. Poñerlle ao lado compañeiros-as que poida axudalo.
3. Atención personalizada aos alumnos na medida do posible, aínda que o número do alumnado, bastante numeroso, dificulta adicar máis tempo a aqueles que o necesiten.

SECUENCIA DE CONTIDOS. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

1. A redución ou adaptación de contidos para os alumnos con dificultades é posible pola non obriga de continuidade que a materia ten no bacharelato.

2. Intentarase que todos teñan dende o principio un nivel similar, sexa cal sexa a súa procedencia, o propio Instituto ou outro centro, repasando nocións elementais de lingua española (gramática, sintaxe, cuxo coñecemento é imprescindible). Deste xeito a base será común, na medida do posible para todos.

3. A materia comprende unha parte práctica e unha máis teórica. Tendo constancia de que a práctica (tradución de textos latinos) adoita ofrecer maiores dificultades para algúns alumnos-as, procurárase valorar moi positivamente os

esforzos que neste campo realicen, pero tamén o interese dedicado á parte teórica, normalmente máis accesible para todos, e os bos resultados nesta parte, máis memorística. En 4º de ESO a cualificación das dúas partes é, por iso, idéntica.

4. Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado, sen alterar a marcha da clase: máis incidencia nas explicacións para uns, mentres outros poden ir facendo práctica de tradución, é dicir, materiais e recursos didácticos diferenciados.

5. Por último, non podendo alterar, por suposto, os criterios de cualificación que nos exames se aplican, si é certo que no caso dalgúns alumnos o esforzo persoal e a actitude terá unha especial relevancia, contribuíndo positivamente á cualificación final, sen que iso supoña prexudicar aos que, con menos esforzo, logran os obxectivos esixidos.

6. Gran número de probas e diferentes en canto aos contidos e aos tipos de pregunta, para ofrecer máis oportunidades e dar diferentes opción segundo as capacidades de cada un.

7. Traballo en grupo, que permite ver como se desenvolven os alumnos/as no traballo colaborativo, permite velos traballar con menos presión na aula e fai que uns poidan axudar a outros e todos poidan aportar algo ao resultado final.

8. Traballos ou proxectos de investigación individuais, utilizando as TIC, que permiten ao alumnado afondar en temas do seu interese. A súa exposición será oral e a través de medios audiovisuais (vídeos, presentacións...).

9. Poderanse subir as cualificacións realizando exposicións orais, traballos ou lecturas, para valorar outras formas de traballo, non só o exame, e para dar máis oportunidades a alumnos con dificultades. Faranse tamén probas a diario que se valorarán aos que lles saian ben, para premiar aos que se esforzan cada día e aos que acoden a clase coa regularidade debida.

10. Adecuaranse ás probas ás necesidades: máis tempo, preguntas curtas, cuestións divididas... Poñeranse exames modelo que se farán na clase previamente ao exame ou se colgarán no EVA Edixgal. Correxiranse os exames na clase e incidirase nos erros, para fomentar a autoavaliación e a coavaliación, facendo as explicacións individuais pertinentes a cada un.

METODOLOXÍA: RELACIÓN CO ALUMNADO.

1. Todos os alumnos-as teñen o correo electrónico da docente para que as consultas poidan facerse en calquera momento sempre que o precisen, incluso na elaboración do traballo na casa, sobre todo para aqueles que non contan con axuda nela.

2. A plataforma de EVA Edixgal, ademais de dispor de todos os materiais da clase, serve como vehículo de comunicación (foros, tarefas...) e para plantexar dúbidas ou resolver cuestións máis aló da propia aula.

3. Explicacións fóra do horario de clase. O tempo dos recreos ofrécese ao alumnado para a consulta de dúbidas e explicacións extra que necesiten.

4. Aos alumnos-as que o desexen dáselles traballo extra de reforzo que se lles vai corrixindo ao longo do curso.

COLABORACIÓN COA TITORA E CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

En casos diagnosticados ou que necesiten medidas especiais, atenderanse coas habituais nestes casos:

-Sitio preferente na clase

-Exames con máis preguntas e máis curtas, ou ben con máis tempo para realízalos, se fora necesario.

-Asesoramento do Equipo de Orientación.

PROGRAMAS DE REFORZO PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES E PLAN ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZCA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

Ao alumnado que suspenda algunha avaliación ou teña dificultades aplicaráselle un programa específico de reforzo e ao alumnado que curse de novo 4º de ESO un plan de seguimento específico de apoio educativo.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias

No caso de precisar medidas extraordinarias, a xestión das mesmas correspondería ao Departamento de Orientación. As medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:

- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.

- Apoio de Orientadora ou da Profesora Terapéutica.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - E.T.1. Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.				X	X			
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X	X	X	X		X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.				X				
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X		X	X
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - OUTROS: educación para a saúde. Coidado do medio ambiente.				X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - E.T.1. Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.		X	X					X
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X	X		X	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.		X						
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	X	X		X	X	X	X
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.10 - OUTROS: educación para a saúde. Coidado do medio ambiente.		X						

	UD 17	UD 18
ET.1 - E.T.1. Comprensión lectora.	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.	X	
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.		
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X
ET.10 - OUTROS: educación para a saúde. Coidado do medio ambiente.	X	

Observacións:

1. e 2. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais propios desta materia; están deseñadas para que o alumnado comprenda e aprenda a expresarse por escrito e de forma oral, tanto nas súas linguas como, de forma elemental, en latín. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula. A comprensión da lectura traballarase un mínimo diario en cada sesión lectiva. Para iso, todas as UD programadas nesta área incluírán algunha actividade de aprendizaxe que implique a lectura de textos de diverso tipo. O mesmo farase coa expresión oral e escrita, que será habitual nas linguas propias e introducirase na lingua latina a partir da UD 7 e que se enriquecerá co léxico latino e os seus derivados nas linguas propias.

3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na parte de historia e legado, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de materiais audiovisuais propios.

4. A competencia dixital. A través do uso de programas e aplicacións faranse traballos en formato electrónico e coa utilización constante de Edixgal e recursos accesibles a través da rede.

5. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas UD 4 e 10, nas que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma e coa evolución da sociedade.

6. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións da profesora, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano cotexado co actual.

7. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc. Dun xeito moi específico, nas UD históricas e de legado (UD 4,5,10,11,16 e 17) farase un estudo comparativo do carácter belicoso, conquistador e imperialista da nación romana, como modelo non imitable. Igualmente os valores, especialmente o respecto a diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo constante na aula. Neste senso a civilización romana, aglutinadora de razas, relixións e costumes, que foi incorporando a súa propia sociedade, si pode ser modelo de tolerancia práctica e de sincretismo.

8. A igualdade de xénero. A docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade. É especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (débase incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana); este elemento transversal debe referirse a todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ao mesmo. Moi especialmente traballarase este tema con respecto a violencia de xénero e aos infinitos exemplos da mesma que se dan na mitoloxía e na historia da antiga Roma.

9. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

10. Protección do medio ambiente. Educación para unha vida saudable. Comparanza destes aspectos co antigo mundo romano e fomento da protección do medio e dos hábitos de vida saudables. Esta protección vai parella á valoración e ao coidado do patrimonio herdado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Asistencia a unha representación teatral.	Asistencia a unha representación teatral mitolóxico-humorística.		X	
2. Participación no concurso online Odisea.	Participación a través dos ordenadores do centro do concurso nacional de Cultura Clásica Odisea.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3. Visita a algún resto arqueolóxico.	Visita a restos arqueolóxicos romanos, moi probablemente ao Museo arqueolóxico Salinae, en Vigo.			X
4. Visita á biblioteca do IES.	Itinerario clásico pola biblioteca do instituto, para coñecer os fondos bibliográficos.	X		

Observacións:

COMPLEMENTARIAS:

Ese traballo feito na casa porase en común cos compañeiros posteriormente, facendo un proceso de autoavaliación e coavaliación. Revisaranse e emendaranse de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora.

7. Intentarase sempre acompañar as explicacións de cada día (lingüísticas, culturais, literarias...) con comentarios sobre a vida, cultura, relixión ou mitoloxía clásicas, aínda que non formen parte do currículo estrito, pero cuxo coñecemento considérase interesante para os alumnos e capaz de incentivar a súa curiosidade; utilizaranse tamén documentos extraídos da prensa, ou doutras procedencias: mapas, gráficos... Deste xeito únense e repásanse os contidos lingüísticos e culturais nun todo.

B)

1. Lectura constante de textos de dificultade graduada, dos contidos xa tratados (de historia, sociedade, mitoloxía ou vida cotiá) e co uso do vocabulario máis frecuente, para conseguir unha aproximación intuitiva aos textos, co fin último de acceder aos textos da literatura latina a través da súa lectura; neste caso a metodoloxía pasa polo uso de preguntas, repeticións de expresións e realización constante de exercicios de uso da lingua; neste método a gramática e a sintaxe son secundarias, pois, aínda que hai aclaracións de natureza gramatical, non son o obxectivo último, senón a comprensión e, ao mesmo tempo, a pronuncia correcta ao leer en latín e unha introdución á expresión oral en latín.

Unha vez rematadas estas dúas fases (a de información proporcionada pola profesora e a do traballo executado polos alumnos) procederase a facer probas de avaliación dos resultados (escritas, orais, observando o traballo na aula, mediante algunha lectura obrigatoria ou voluntaria ou facendo algún traballo individual ou en grupo), das formas seguintes:

a) Control periódico da asimilación do alumnado, por medio da observación do traballo habitual na clase, de forma individual ou colaborativa (participación, realización dos exercicios, comprensión e atención).

b) Probas escritas frecuentes, que sempre recollerán os catro bloques temáticos do currículo e que serán fundamentalmente prácticas, para ter en conta todos os criterios de avaliación; nelas figurarán actividades semellantes ás feitas na aula a cotío.

c) Exposicións orais en latín por parte da profesora e dos alumnos-as, ben sobre un tema previamente acordado, ben un sinxelo diálogo cos termos de uso máis frecuente.

d) Lectura de textos en latín e versión aproximada ás linguas do alumnado, respostando, ao mesmo tempo, as preguntas de comprensión formuladas (en latín) pola profesora.

A combinación destas dúas prácticas metodolóxicas farase de acordo ás características dos grupos e á percepción da súa asimilación da lingua.

ORGANIZACIÓN DA AULA:

O pequeno número de alumnos-as propicia o traballo en parella ou en grupo, o que favorece a resolución de dificultades e a cordialidade na aula.

ESPAZOS:

Alternarase a aula de referencia co traballo na biblioteca, onde se dispón de material bibliográfico apropiado, e co uso esporádico da aula de informática, para acceso a páxinas web e actividades lúdicas ou didácticas aproveitables.

ESTRUTURA DAS SESIÓNS:

As sesións docentes de explicación, guía, de resolución de dúbidas e de corrección suporán unha porcentaxe pequena do total, fronte a maioría, que será de tarefas prácticas feitas polo alumnado.

Antes dunha nova UD haberá unha sesión de síntese do anterior e antes de cada proba de exame haberá unha sesión ou dúas de reforzo. Para algúns alumnos pode haber sesións de ampliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Apuntamentos de contidos ilustrados con imaxes. Incluirán esquemas e resumos. Boletíns de exercicios prácticos.
2. Dicionario latín-castelán/galego e ferramentas de tradución online.
3. Caderno de clase.
4. Métodos de estudo activo da lingua: a) Familia Romana, de H.H. Orberg. b) Via Latina. De lingua et uita Romanorum., de M ^a . L. Aguilar e J. Tárrega. c) Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. d) Fabulae Syrae, de Luigi Miraglia.
5. Lecturas, obrigatorias e voluntarias.
6. Recursos de avaliación.
7. Outros: a) Aula Virtual. b) Materiais audiovisuais. c) Recursos TICs.
8. Actividades complementarias.

1. Non se utiliza libro de texto (nin sequera dixital), polo que aos alumnos-as se lles proporcionarán os contidos en formato papel por medio de apuntamentos ilustrados con imaxes, das UD que se deben estudar e que incluirán os catro bloques do currículo: textos, léxico, Roma e o legado.

Igualmente boletíns de traballo práctico, con exercicios e selección de textos en latín, para levar a cabo a práctica da tradución ou de lectura.

2. Utilizarase un dicionario latín/castelán ou latín/galego para levar a cabo as traducións. En 1º de bacharelato farase unha iniciación ao uso do mesmo. Procurarase traballar con el na clase para acadar a familiarización do alumnado co mesmo, posto que o manexo é complexo e carecen do hábito de usar dicionarios de calquera lingua.

Tamén se usarán dicionarios en liña, como o Collatinus.

3. Caderno de clase. É imprescindible para a parte de lingua e textos. Utilizarase de forma habitual na clase e tamén na casa e revisarase de cando en vez.

4. Métodos de estudo activo das linguas. Selección de textos dos manuais anteriormente citados para a aprendizaxe progresiva e intuitiva da lingua, elixindo diversos temas: a vida na sociedade romana, a historia de Roma, a mitoloxía e as lendas e e as expresións máis comúns na vida cotiá.

5. Selección de lecturas de textos de autores latinos orixinais e de autores actuais que escriban sobre temas relacionados coa cultura clásica; estas lecturas ilustrarán os seus coñecementos de historia, cultura, mitoloxía e vida cotiá dos romanos. Entre esas obras inclúese a lectura dunha obra completa, unha adaptación da Eneida.

6. Recursos de avaliación, como probas de avaliación inicial, indicadores de avaliación continua e unha proba final, o que permite coñecer en todo momento a marcha do alumnado.

Sempre se buscará a variedade nos métodos: probas escritas, probas orais, cuestionarios, xogos, traballos, presentacións...

As probas escritas conterán cuestións de diferentes tipos diversas para percibir o grao de comprensión e aproveitar os talentos de todos: preguntas curtas, de desenvolvemento, exercicios prácticos, test...

7. a) A Aula Virtual é un recurso para a comunicación co alumnado, a revisión do traballo na casa e o achegamento de materiais e recursos a todos.

b) e c) Utilizaranse vídeos, escenas de películas, DVDs, páxinas web ou blogs de Internet ou calquera outro recurso multimedia ou dixital que axude na aprendizaxe dos temas dados e a faga máis atractiva. A temática é fundamentalmente cultural, artística e da vida cotiá dos romanos.

Calquera outro tipo de documentos: mapas, gráficos, táboas de datos, prensa, revistas, imaxes, que inclúan os contidos impartidos, para adquirir o hábito de manexar outras fontes de información, aprender a seleccionar e vulgar a información, respectar a propiedade intelectual e facer a aprendizaxe máis variada e efectiva.

8. Actividades colaborativas sobre temas propios ou transversais, relacionadas co mundo clásico: traballo en papiro, elaboración de exlibris, observación astronómica e a conseguinte explicación mitolóxica, a escravitude, a muller en Roma e na mitoloxía, as frases célebres de Roma...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Coa finalidade de detectar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, nas primeiras semanas do curso (antes do inicio do mes de outubro) levaranse a cabo as seguintes accións:

PASOS na búsqueda de INFORMACIÓN:

-1. En 1º de bacharelato o alumnado ten dúas procedencias moi diferentes: un 70% aproximadamente provén do propio centro e é coñecido polo profesorado, a nivel de coñecementos e de resultados académicos; o outro 30% provén doutros centros da vila (colexios concertados e institutos de ESO).

Nos dous grupos hai alumnado que non cursou nunca a materia de latín (posto que non é obrigatoria en ningún curso da ESO) e outro que a cursou en 4º de ESO, polo que se fai necesario tomar medidas en dous campos:

1.a. Revísanse os primeiros días de clase os coñecementos previos necesarios para entender a materia, concretamente noções lingüísticas imprescindibles en castelán e galego, como as categorías gramaticais e as funcións sintácticas.

1.b. Comézanse as explicacións da lingua latina partindo de cero, como se ningún dos alumnos soubera nada. Deste xeito a vantaxe inicial dos que xa estudaron latín na ESO desaparece e ao cabo dun par de meses todos os alumnos están ao mesmo nivel de coñecementos. A partir de aí os resultados xa dependen en boa medida do seu interese e esforzo.

1.c. Farase unha primeira proba elemental das características da lingua latina, que se explican os primeiros días de clase, antes da avaliación inicial (primeira semana de outubro), para saber o grao de entendemento de cada un, o interese posto e a súa capacidade de expresión lingüística. Dita proba xa contará para a cualificación da avaliación e ademais permitirá coñecer as carencias ou a suficiencia do alumnado.

-2. É útil coñecer tamén que alumnado cursou Cultura Clásica na ESO, para ter idea dos coñecementos xerais da clase sobre a historia, sociedade e cultura romanas, mitoloxía, legado e outras cuestións interesantes para un estudo completo do mundo romano.

-3. Faise unha consulta sobre os motivos do alumnado para elixir a materia, que dan idea do seu interese humanístico, da súa intención de acadar unha boa nota ou da súa estratexia de fuxir doutras materias.

-4. Examinaranse os informes de avaliación da etapa previa do alumnado e, se fora posible, falaríase coas persoas titoras ou co profesorado dos cursos previos, par obter información de primeira man.

-4. Por último o Departamento de Orientación transmite a información sobre o alumnado repetidor ou con necesidades educativas específicas, que se terán en conta para a ubicación na aula, a elaboración das diferentes probas ou para o trato cotiá co alumnado.

INSTRUMENTOS:

-1. Proba escrita, non cualificable, sobre coñecementos elementais da cultura romana e a lingua latina.

-2. Proba escrita, cualificable, sobre os conceptos iniciais da lingua latina (características morfolóxicas e lectura do latín clásico).

-3. Diálogo cos propios alumnos-as sobre as súas motivacións e os seus obxectivos.

MEDIDAS COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS:

-1. Se se advirten malos resultados pola falta de coñecementos previos, incídese nas explicacións culturais e lingüísticas imprescindibles para seguir avanzando coa materia.

-2. Se o que se percibe é falta de comprensión pola nova materia exposta, revisaranse as explicacións e adoptaranse cambios na metodoloxía (traballo en equipo, máis actividades de traballo práctico na aula e menos exposicións teóricas, cambios de posición na clase, formación de parellas que se poidan axudar, probas orais e exposicións a través das TIC...)

-3. Se os problemas non son de grupo senón individuais, procederase a aplicar medidas puntuais de atención á diversidade co asesoramento do Departamento de Orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	3	3	8	8	8	3	3
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	4	4	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

1. PRECISIÓNS:

A avaliación é continua e progresiva. A materia é acumulativa por avaliacións e non eliminatória, polo que os contidos impartidos na primeira avaliación serán obxecto de estudo tamén na segunda e na terceira. Aplicarase este criterio a todos os contidos do BLOQUE 1 (Comprensión e interpretación dos textos)

Os contidos léxicos, culturais e de legado: BLOQUES 2, 3 e 4 (2. Latín e plurilingüismo; 3. A antiga Roma; 4. Legado e patrimonio) parcelaranse por avaliacións e eliminaranse en avaliacións posteriores.

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para a cualificación utilizaranse as probas escritas (probas obxectivas ou exames, tarefas, boletíns, traballos da aula virtual...) adaptados aos contidos das UD avaliadas, e as táboas de indicadores (fundamentalmente rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo). A porcentaxe asignada a cada un destes instrumentos aparece reflectida en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación asignado á mesma.

3. CONTIDOS.

Esta programación prioriza os contidos de natureza lingüística, que suporán o 80% do peso na cualificación final (UD1, 2, 3, 6, 7, 8, 11, 12, 13 e 14) fronte aos contidos culturais e léxicos, que suporán o 20% (UD 4, 5, 9, 10, 15 e 16).

4. AUSENCIA DE ALUMNADO NOS EXAMES.

En caso de faltar a calquera das probas avaliadas feitas, o alumnado terá dereito a repetila nunha data acordada coa profesora e previa presentación de xustificante paterno/materno de dita falta. Se a falta non se xustifica debidamente, realizarase esa proba o primeiro día que o alumno-a asista a clase.

5. ALUMNADO QUE COPIA NOS EXAMES:

Se se "pilla" a algún alumno-a copiando durante un exame con "chuletas" ou calquera outro sistema, procederase do seguinte xeito:

Se é ao inicio do exame, continuará co mesmo sen axuda; se é ao longo do exame, se lle retirará o mesmo e se lle repetirá o máis pronto posible, se fora posible no mesmo día.

6. CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

1ª AVALIACIÓN:

CINCO UD: media aritmética das tres primeiras UDs (80% da cualificación) + media aritmética das outras dúas (20% da nota).

FÓRMULA: $(UD1 + UD2 + UD3) / 3 \times 0,8 + (UD4 + UD5) / 2 \times 0,2$

2ª AVALIACIÓN:

CINCO UD: media aritmética das tres primeiras UD (80% da cualificación) + media aritmética das outras dúas (20% da nota).

FÓRMULA: $(UD6 + UD7 + UD8) / 3 (x 0,8) + (UD9 + UD10) / 2 (x 0,2)$

3ª AVALIACIÓN:

SEIS UD: media aritmética das catro primeiras UD (80% da cualificación) + media aritmética das outras dúas (20% da nota).

FÓRMULA: $(UD11 + UD12 + UD13 + UD14) / 4 (x 0,8) + (UD15 + UD16) / 2 (x 0,2)$

-A cualificación resultante, se ten decimais, poderá redondearse cara ao enteiro seguinte a partir do 0,6; se a cualificación ten como decimais 0,5 aproximarase ao enteiro superior sempre que a profesora o considere oportuno. Porén para o cálculo da cualificación final utilizaranse as notas reais, con decimais, e non as redondeadas.

-A cualificación obtida terase en conta nunha porcentaxe dun 90%, mentres que o restante 10% otorgarase polo traballo desenvolvido polo alumnado habitualmente na casa e na clase.

6. CUALIFICACIÓN FINAL:

A 1ª avaliación achega o 30 % da cualificación final.

A 2ª avaliación achega o 30 % da cualificación final.

A 3ª avaliación achega o 40 % da cualificación final.

FÓRMULA: $(1ª AVALIACIÓN X 0,30) + (2ª AVALIACIÓN X 0,30) + (3ª AVALIACIÓN X 0,40)$

-Faise a precisión de que se a evolución dun alumno-a é marcadamente ascendente, a nota final será a que acade na terceira avaliación, polo carácter progresivo da materia e a crecente dificultade da mesma.

-A cualificación final resultante, se ten decimais, redondearase cara á unidade superior seguinte a partir do 0,6; se a cualificación ten como decimais 0,5 aproximarase á cualificación enteira superior de acordo ao criterio da docente.

-A fórmula aplicarase cunha única limitación, que é ter aprobada, cun 5 polo menos, a 3ª avaliación; é dicir, mesmo tendo algunha avaliación suspensa, se a 3ª está aprobada e a fórmula final da un resultado de 5 ou superior, considerarase aprobada a materia, pero a fórmula non se aplicará se esta 3ª avaliación ten unha cualificación inferior ao 5.

EDUCACIÓN DE ADULTOS:

Se houbera alumnado neste réxime, o cálculo da cualificación nas avaliacións e na nota final será o mesmo que no réxime de diúrno, coa salvedade de que a cualificación obtida coas diferentes probas realizadas suporá un 50% da mesma, e o restante 50% virá aportado polo traballo realizado polo alumnado habitualmente na clase ou na casa, que se valorará de acordo aos indicadores que o docente teña determinados.

Criterios de recuperación:

PROBAS DE RECUPERACIÓN:

-1. O alumnado suspenso nalgunha avaliación terá a posibilidade de facer unha recuperación parcial dos contidos lingüísticos de cada avaliación despois da cada unha delas, cunha proba escrita obxectiva.

Os contidos léxicos e culturais recuperaranse por medio de probas orais ou traballos previamente acordados.

No caso de aprobar, dita avaliación considerarse aprobada e contará como tal; no caso de suspendela, poderase aprobala superando a avaliación seguinte, posto que conterà cuestións de ambas avaliacións por seren contidos progresivos. En todo caso, os alumnos que suspenderan algunha das avaliacións e non recuperaran terán a posibilidade de tratar de recuperar nunha última proba final, que incluíría contidos de todo o curso.

-2. A fórmula de cualificación final aplicarase a todo o alumnado que teña aprobada a 3ª avaliación, independentemente das cualificacións das avaliacións ou recuperacións previas.

As notas obtidas nos exames de recuperación serán as que computarán para a cualificación final do curso.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

-1. No mes de xuño realizarase unha proba extraordinaria escrita para os alumnos que non superaran a materia. Esta proba conterà os cuestións dos catro bloques temáticos (textos / historia e evolución da lingua/léxico / historia e cultura, e legado romano) e dos contidos fundamentais traballados nas tres avaliacións e nela pódese obter unha cualificación de 0 a 10. Esta proba global pode ser selectiva e avaliar só daquelas partes que impiden que o alumnado chegue a 5. Cada alumno terá, a fin de curso, un informe individualizado no que se especifiquen os contidos que debe recuperar. A cualificación final obterase aplicando a fórmula de avaliación final coas modificacións necesarias.

-2. As puntuacións da cada pregunta figurarán no propio exame e seguirán os criterios de cualificación seguintes: Textos: 5 puntos ; Morfoloxía: 3 puntos; Léxico: 1 punto; Cultura e legado: 1 punto.

-3. A nota obtida neste exame será o único elemento que se terá en conta para a cualificación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No curso de 1º de bacharelato non existen as materias pendentes, pero se especifica o plan de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no que pode afectar a alumnado de 2º de bacharelato co Latín I de 1º de bacharelato suspenso.

SEGUIMENTO.

1. Entrégase aos alumnos-as o programa da materia de primeiro, facendo fincapé nos contidos máis importantes e nos graos mínimos de cada un deles. Tamén se lles proporciona a información sobre os procedementos e instrumentos de recuperación e sobre os criterios de cualificación. O IES informará igualmente ás familias.

2. Proporciónase aos alumnos-as o material necesario para poder estudar (apuntamentos coa materia do curso pasado) e materia de contido práctico, é dicir, exercicios axustados a cada un dos bloques de contidos (lingua e textos; cultura e legado; léxico). Neste material inclúense modelos de exame similares aos que lles poden aparecer nas probas de avaliación de pendentes.

3. Faise un seguimento dos exercicios propostos, de tal xeito que estean rematados no mes de decembro. Poderanse entregar en papel ou a través da Aula Virtual.

Se as tarefas non se superaran no mes de decembro, terían que realizar unha nova quenda de traballos de reforzo ata o mes de marzo, que se corraxirán do mesmo xeito.

Se os alumnos-as fan axeitadamente estas tarefas e aproban as dúas primeiras avaliacións de 2º de bacharelato, non terán que facer os exames específicos de recuperación de pendentes. Se estes traballos non se fan ou se fan mal, ou non se aproban os exames de pendentes e sucede o mesmo coa materia de 2º de bacharelato, a última oportunidade de aprobar, xa sen exercicios de reforzo, sería o exame de avaliación ordinaria de pendentes no mes de abril-maio.

4. En todos os exames de 2º inclúense cuestións dos contidos de 1º, que se lle contarán especificamente para a cualificación de Latín I.

5. Contacto. O contacto coa docente farase habitualmente na clase, posto que todos son alumnos de 2º de bacharelato con latín II, ou a través do correo electrónico profesional ou da aula virtual.

AVALIACIÓN.

1. A avaliación ordinaria de materias pendentes faise no mes de maio, coincidindo coa avaliación de 2º de Bacharelato.

2. Para recuperar a materia de Latín I estableceranse tres datas de exames parciais, de acordo coas tres avaliacións: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo e outra no mes de abril. Porén, como os alumnos-as pendentes de Latín I teñen Latín II e son materias de contidos progresivos, non é obrigatorio facer estes exames: avaliaranse as pendentes tendo en conta as notas de 2º de bacharelato, de xeito que, aprobando as dúas primeiras avaliacións, a pendente considerárase aprobada.

3. Se os-as alumnas queren facer os exames específicos da materia pendente Latín I ou teñen que facelos por non conseguir aprobar a materia de Latín II, poden presentarse nesas tres datas e se lles aplicarán os mesmos criterios de avaliación que ao resto do alumnado de 1º de bacharelato. No caso de non presentarse ou suspender a 1ª e 2ª avaliacións de Latín II, poderán facer o exame de abril-maio, que será o definitivo para a nota final de avaliación. No caso de non facer os exames, a cualificación poñerase de acordo aos resultados acadados en 2º de bacharelato e ao traballo de reforzo encargado.

4. A proba extraordinaria de xuño será a última posibilidade para recuperar a materia dentro do curso 2023-2024.

5. A cualificación da materia pendente Latín I terá en conta:

Exercicios de reforzo-----30% da nota

Exames (específicos de Latín I ou os propios de 2º de bacharelato)-----70% (probas escritas)

6. A cualificación dos exames, das avaliacións parciais, da avaliación ordinaria final e da extraordinaria seguirá os mesmos criterios de cualificación que os do resto do alumnado. (APARTADO 5.2. desta programación).

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Latín I é unha materia inicial de 1º de bacharelato, que, ademais, non foi cursada por moitos na ESO por non existir como obrigatoria en ningún curso.

Por tanto o procedemento para a acreditación de coñecementos mínimos necesarios nunha materia de continuidade só poderá afectar a alumnado de 2º de bacharelato, coa materia de Latín I pendente, ben sexa por tela suspensa por falta de coñecementos ou por non tela cursada, debido a un cambio de modalidade, algo cada vez máis habitual.

O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar ou tendo suspendido previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela.

Como o IES non contempla ningunha medida especial, este alumnado terá que cursar a materia como pendente, de

acordo ao especificado no APARTADO 5.3.

6. Medidas de atención á diversidade

No nivel de bacharelato a diversidade do alumnado é menor que no nivel da ESO, onde o ensino é obrigatorio e a disparidade de intereses e capacidades do alumnado son moi evidentes. Agora todos teñen en común ter obtido o título da ESO, o que demostra a súa capacidade intelectual, e cursar un ensino voluntario, cunhas optativas elixidas, o que presupón o seu interese.

Aínda así seguen a existir diferencias que aconsellan adoptar as seguintes medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares ordinarias para tratar de emendalas e asegurar a igualdade de oportunidades:

METODOLOXÍA: ORGANIZACIÓN DA AULA.

1. Situar ao alumnado con dificultades de calquera tipo cerca da profesora, para poder atendelo con preferencia.

2. Poñerlle ao lado un compañeiro-a que poida axudalo.

3. Atención personalizada aos alumnos. O número reducido do alumnado nas clases dos dous cursos de 1º de bacharel, permiten adicar máis tempo a aqueles que o necesiten.

SECUENCIA DE CONTIDOS. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

1. A redución de contidos para os alumnos/as con dificultades é case imposible pola continuidade que a materia ten: en 1º porque moitos deles a van cursar en 2º, e en 2º porque a maioría debe afrontar con éxito a proba de ABAU. Non obstante si é posible adaptar un pouco o nivel dos contidos de acordo coa capacidade do alumnado e tamén a temporalización. Isto farase moi especialmente no réxime de Educación de Adultos.

2. Intentarase que todos teñan dende o principio un nivel similar, sexa cal sexa a súa procedencia, o propio Instituto ou outro centro, repasando en 1º nocións elementais de lingua española (gramática, sintaxe, cuxo coñecemento é imprescindible). Deste xeito a base será común, na medida do posible para todos.

3. A materia comprende unha parte práctica e unha máis teórica. Tendo constancia de que a práctica (tradución de textos latinos) adoita ofrecer maiores dificultades para algún alumnos, procurárase valorar moi positivamente os esforzos que neste campo realicen, pero tamén o interese dedicado á parte teórica, normalmente máis accesible para todos, e os bos resultados nesta parte, máis memorística.

4. Distribución de traballos diferentes sen alterar a marcha da clase: máis incidencia nas explicacións para uns, mentres outros poden ir facendo práctica de tradución, é dicir, materiais e recursos didácticos diferenciados.

5. Por último, non podendo alterar, por suposto, os criterios de cualificación que nos exames se aplican, si é certo que no caso dalgúns alumnos/as o esforzo persoal e a actitude terá unha especial relevancia, contribuíndo positivamente á cualificación final, sen que iso supoña prexudicar aos que, con menos esforzo, logran os obxectivos esixidos.

6. Faranse un gran número de probas e diferentes en canto aos contidos e aos tipos de pregunta, para ofrecer máis oportunidades e dar diferentes opción segundo as capacidades de cada un.

7. Traballo en grupo, que permite ver como se desenvolven os alumnos/as no traballo colaborativo, permite velos traballar con menos presión na aula e fai que uns poidan axudar a outros e todos poidan aportar algo ao resultado final.

8. Traballos ou proxectos de investigación individuais, utilizando as TIC, que permiten ao alumnado afondar en temas do seu interese. A súa exposición será oral e a través de medios audiovisuais (vídeos, presentacións...).

9. Poderanse repetir exames para subir nota ou realizar lecturas, para valorar outras formas de traballo, non só o exame e para dar máis oportunidades a alumnos/as con dificultades.

Faranse tamén probas a diario que se valorarán aos que lles saian ben, para premiar aos que se esforzan cada día e aos que acoden a clase coa regularidade debida.

10. Adecuaranse ás probas ás necesidades: máis tempo, preguntas curtas, menos cuestións... Poñeranse exames modelo que se farán na clase previamente ao exame ou se colgarán na aula virtual. Correxiranse os exames na clase e incidiranse nos erros, para fomentar a autoavaliación e a coavaliación, facendo as explicacións individuais pertinentes a cada un.

METODOLOXÍA: RELACIÓN CO ALUMNADO.

1. Todos os alumnos-as teñen o correo electrónico da docente para que as consultas poidan facerse en calquera momento sempre que o precisen, incluso na elaboración do traballo na casa, sobre todo para aqueles que non contan con axuda nela.

2. A aula virtual, ademais de dispor de todos os materiais da clase, serve como vehículo de comunicación (foros, tarefas...) e para plantexar dúbidas ou resolver cuestións máis aló da propia aula.

3. Explicacións fóra do horario de clase. O tempo dos recreos ofrécese ao alumnado para a consulta de dúbidas e explicacións extra que necesiten.

4. Aos alumnos/as que o desexen dáselles traballo extra de reforzo que se lles vai corrixindo ao longo do curso.

COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

En casos diagnosticados que necesiten medidas especiais, atenderanse coas habituais nestes casos:
o Sitio preferente na clase.

o Exames con máis preguntas e máis curtas, ou ben con máis tempo para realizalos, se fora necesario.

o Asesoramento do Equipo de Orientación.

No caso de precisar medidas extraordinarias, a xestión das mesmas correspondería ao Departamento de Orientación.

PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN E PARA ALUMNADO REPETIDOR.

Para o alumnado que suspenda algunha avaliación farase un programa específico de recuperación e para o alumnado que permanezca un ano máis no mesmo curso un plan de seguimento específico.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - E.T.1. Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.				X				
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.						X	X	X
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - OUTROS: educación para a saúde. Coidado do medio ambiente.				X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - E.T.1. Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.	X						X	
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.	X		X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - OUTROS: educación para a saúde. Coidado do medio ambiente.	X						X	

Observacións:

1. e 2. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na parte de historia e legado, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de vídeos e recursos audiovisuais propios.
4. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
5. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas UD da 2ª e 3ª avaliacións, nos que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma e a evolución da sociedade.
6. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións dos profesores.
7. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, os docentes debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
8. A igualdade de xénero. Os docentes deben transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.
9. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.
10. Protección do medio ambiente. Educación para unha vida saudable. Comparanza destes aspectos co antigo mundo romano e fomento da protección do medio e dos hábitos de vida saudables.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Asistencia ao Certame de Teatro Clásico de Galicia, en Coruña.	O alumnado de 1º e 2º de bacharelato asistirá a unha representación dunha comedia latina de Plauto e dunha traxedia grega.		X	
2. Participación na Olimpíada de latín.	Parte do alumnado de 2º e, se fora posible, de 1º de bacharelato, participará na Olimpíada de tradución de latín, organizada pola Facultade de Filoloxía da USC.			X

Observacións:

1. A asistencia á representación dunha comedia latina e dunha traxedia grega é actividade moi axeitada por ter que estudar os alumnos de 2º os xéneros teatrais como parte do programa de literatura. Procurarase que as obras que se propoñan como lectura coincidan coa representación vista.
Actividade para os cursos de 1º e 2º de Bacharelato. Data previsible: febreiro-marzo. Lugar: A Coruña.
2. O alumnado con bo nivel de tradución participará na Olimpíada de latín, organizada pola Facultade de Filoxía da USC. Esta proba permite ver o seu nivel de tradución e, pola súa data, serve de preparación para as probas de ABAU. Ademais fomenta o afán de superación e a competitividade sana.
Actividade para os cursos de 1º/2º de Bacharelato. Data posible: mes de maio. Lugar: Santiago de Compostela.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Metodoloxía empregada
Uso de diferentes instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
Motivación, participación e grao de satisfacción do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Comunicación co profesorado e comunicación e colaboración coas familias

Descrición:

A. Indicadores de logro do proceso de ensino.

Terá en conta:

A.1. Clima de traballo na aula.

Observarase na motivación e participación do alumnado e no seu grao de satisfacción.

Revisarase este logro mediante unha escala que observe e avalíe:

-A participación activa de todo o alumnado na desenvolvemento da clase.

-Se o nivel de dificultade é axeitado para o nivel da clase.

-Medirase a motivación e curiosidade que se desperta nos alumnos, máis alá dos contidos obrigatorios da materia.

Farase tamén unha enquisa anónima entre o alumnado, onde expoñan:

-O seu nivel de satisfacción coa metodoloxía empregada.

-A satisfacción coa labor docente da profesora e o seu trato.

-Terán a posibilidade de facer propostas de mellora.

Todo isto é fundamental para coñecer a súa satisfacción xeral e o seu grao de comprensión da materia.

A.2. Medidas de atención á diversidade.

Terase en conta para avaliar este indicador:

-A realización dunha avaliación inicial antes do mes de outubro, para detectar con rapidez os problemas do alumnado.

-A colaboración e coordinación co Departamento de Orientación, na busca de ACNEAE.

-Contemplará se se adoptaron as medidas curriculares, organizativas e metodolóxicas necesarias.

-A efectividade da observación na aula.

A.3. Metodoloxía empregada.

O proceso de ensino medirase:

-Polo uso de diferentes instrumentos de avaliación e incluso pola incorporación de instrumentos non previstos de acordo ás necesidades da aula.

-Pola revisión do conseguido con eles.

-Pola adaptación de diferentes instrumentos según a marcha da clase ou do curso, para darlle oportunidades a todos os alumno/as.

A.4. Adecuación da programación e da súa planificación e A.5. Organización xeral da aula e aproveitamento dos recursos:

Terá en conta o traballo na aula e os resultados obtidos.

Traballo na aula.

Farase revisión periódica (por cada UD) do desenvolvemento do traballo na aula, tendo en conta:

-Se a temporalización, os contidos, as actividades e a marcha xeral da clase se corresponde co establecido na programación.

-Se é necesario facer modificacións en calquera dos aspectos anteriores, ben neste mesmo curso ou no curso seguinte.

-Se se valora o traballo observado na aula, sexa individualmete ou no grupo, e o traballo na casa.

-Se a organización da aula é a correcta (xuntando alumnado que precisa axuda, dando sitio preferente a alumnado con dificultades...)

Resultados.

Na escala de valoración teranse moi en conta os resultados, que dan medida dos logros conquistados no proceso de ensino-aprendizaxe:

-Medirase se os resultados de avaliación son os esperados de acordo ao traballo e actitude que o alumnado amosou no trimestre e se a previsión feita pola observación cotiá da marcha da clase, cun grupo de alumnos normalmente non moi grande, se corresponde co logrado.

-Adoptaranse medidas para a mellorar os resultados, se fora necesario: diálogo co alumnado, cambio na metodoloxía...

A. 5. Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou persoas titoras.

Examinarase tamén a relación co alumnado e a preocupación polo mesmo facendo unha escala sobre:

-Contouse co apoio e implicación das familias.

-Mantívose contacto periódico coa familia a través do titor-a.

-Soubéronse e tivéronse en conta as problemáticas familiares ou persoais do alumnado para entender a súa actitude e o seu esforzo.

-Fíxose un traballo coordinado co resto do equipo docente.

B. Indicadores de logro da práctica docente.

Aínda que o proceso de ensino e aprendizaxe é difícil de separar, no que afecta ao traballo máis específico da docente farase revisión mensual, por avaliación e a fin de curso, valorándolos nunha escala de indicadores (Moi ben Ben/Suficiente/Mal), dos aspectos seguintes:

1. Conséguese un clima de silencio e atención na clase axeitado para as explicacións.

2. Fanse explicacións xerais para todos os alumnos.

3. Fanse explicacións individualizadas se é necesario.

4. Compróbase de distintos xeitos o grao de comprensión do alumnado (preguntas na clase, probas, observación do traballo na aula).

5. Elabóranse actividades variadas e estratexias metodolóxicas diferentes segundo os contidos impartidos.

6. Elabóranse probas de avaliación axeitadas aos contidos impartidos.

7. Elabóranse actividades e probas de avaliación que teñan en conta a atención á diversidade.

8. Trabállase individualmente e en equipo.

9. Trabállase coa comprensión e expresión oral e escrita.

10. Favorécese o gusto pola lectura.

11. Utilízanse as TICs.

12. Danse aos alumnos con rapidez as probas e traballos corrixidos.

13. Coméntanse cos alumnos os erros cometidos nestas probas e acláraselle a puntuación obtida e o porqué da

mesma.

14. Colabórase co titor nas tarefas de información ás familias, do correcto comportamento na clase e da obtención de bos resultados académicos.

15. Trabállanse todos os contidos segundo o previsto.

16. Aténdese aos elementos transversais.

C. Instrumentos de avaliación.

Para avaliar, de forma reflexiva e autocrítica, o o proceso de ensinanza-aprendizaxe e a súa eficacia pódense utilizar diferentes instrumentos de recollida de datos:

-Diario de aula (que recolla situacións da clase, referidas aos contidos traballados, aos recursos didácticos e actividades e á metodoloxía)

-Rúbrica de autoavaliación da profesora.

Medirá o grao de cumprimento da programación (UDIs completadas e actividades feitas), o grao de comprensión do alumnado e os resultados académicos.

-Enquisas dos alumnos.

Valorará, como xa se indicou antes, o seu nivel de satisfacción coa metodoloxía empregada, a satisfacción coa labor docente da profesora e o seu trato e farán propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

-Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións).

-Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

a. Resultados académicos do grupo.

b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.

c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

3. Propostas de mellora.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

Estas modificacións poden afectar a diversos parámetros:

a. Modificacións na metodoloxía de acordo aos resultados ou a motivación do alumnado.

b. Versatilidade nos recursos.

c. Diversificación dos instrumentos de avaliación.

d. Tempos: as propostas de mellora pódense facer non só de cara ao curso seguinte, senón tamén ao rematar cada UD ou proxecto, cada mes ou por avaliación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006729	IES Valle-Inclán	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

O IES Valle-Inclán está situado no centro urbano de Pontevedra, nun edificio de comezos do século XX e é o primeiro instituto que existiu na cidade, evolucionando de instituto feminino ao actual.

Ten unha media de alumnado duns 700 alumnos, procedentes maioritariamente do centro da cidade e cun estatus de familias urbanas de clase media. Hai tamén algún alumnado procedente doutras parroquias do concello e mesmo de concellos limítrofes. Polo tanto non hai transporte escolar, o que facilita realizar actividades na vila de Pontevedra, pero tamén saír do IES dentro do horario escolar, práctica bastante habitual no centro.

O IES presenta catro liñas de ESO (16 unidades) e cinco de Bacharelato (10 unidades), ofertando as modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais; ademais participa ou desenvolve diversos plans e proxectos: convivencia escolar, implantación das TIC, proxecto lector e varias seccións bilingües en inglés. Ofrece tamén ensinanzas de bacharelato para adultos en horario de tarde-noite. Asemade polas tardes impártense unha sección de inglés da EOI, cuns 30 alumnos (desde nivel básico a avanzado), e varios niveis do programa Quale en francés.

Os grupos que estudan no instituto no curso actual son, en horario diúrno: 16 cursos de ESO, cun total de 450 alumnos/as, e 10 cursos de Bacharelato, con 221 alumnos/as. En horario nocturno, de adultos, hai catro cursos de bacharelato, que se desdobran nas materias propias de modalidade, en total 24 alumnos-as. O alumnado total do centro é, neste momento, 671

O problema máis salientable é, pola antigüidade do edificio, a falta de espazos axeitados para certas materias, coma a de Tecnoloxía ou a de Educación Física, e dun espazo de espaxamento para os recreos do alumnado, que saen á rúa situada diante da fachada do IES e aos seus arredores, así como a dificultade para facer desdobres e agrupamentos, ou para acceder a aulas de uso común, como as de informática, pola falta de disponibilidad de aulas libres. Neste curso 2023-2024 vaise facer unha importante obra de reforma integral do edificio, moi necesaria, pero que pode conlevar dificultades no desenvolvemento ordinario das clases, de forma concreta nos grupos de bacharelato, que van ter que desenvolver gran parte deste curso en aulas móbiles portátiles, abandonando as propias do edificio, coas dificultades que iso pode supor.

Por outra banda o centro ten bo nivel académico, como o demostra o baixo número de repetidores do curso pasado e os resultados, xeralmente moi bos, nas probas da ABAU.

A convivencia é correcta e non hai habitualmente conflitividade entre profesorado, alumnado e familias, que adoitan colaborar e amosan preocupación polo rendemento escolar e polo comportamento dos seus fillos-as, polo que o grao de satisfacción xeral é alto.

Polo tanto o alumnado que accede ao bacharelato faino normalmente por convicción, máis que por obriga paterna ou materna, e teñen o obxectivo de continuar a súa formación nun grao universitario. Adoitan ser alumnos responsables co estudo e interesados pola súa formación ou, polo menos, polas súas cualificacións, as veces incluso en exceso.

En concreto o alumnado de latín está formado por dous grupos claramente diferenciados: os alumnos vocacionais, con interese claro pola formación humanística e lingüística e un segundo grupo, que interpreta a rama humanística como un camiño aparentemente máis fácil para acadar os seus fins. En todo caso a implicación e o grao de estudo son satisfactorios en ambos grupos.

A problemática fundamental da materia é o número de alumnos, máis ben baixo, característica común deste tipo de formación hoxe en día e en todos os centros da vila e aínda máis nos pobos pequenos e no rural, ao estar máis en boga as materias cunha aplicación práctica inmediata, elección propiciada incluso polos pais, que prefiren que elixan algo "útil", independentemente dos seus gustos e habilidades. De todos modos o número de alumnos-as mantense todos os anos sen oscilacións significativas e hai que aproveitar este baixo número para prestar unha atención máis individualizada a todo o alumnado e mellorar as relacións interpersoais da clase mediante un traballo colaborativo e integrador.

O segundo problema é a dificultade cada vez maior para atopar bos alumnos, porque os academicamente brillantes tenden a pensar que cunha elección humanística desperdician o seu talento.

Aínda así, o alumnado que cursa latín en xeral apreza o valor da herdanza cultural da Antigüidade clásica, o papel que pode desempeñar cara o futuro e o valor instrumental que ten para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, dereito, filosofía ou ciencia, e para desenvolver unha conciencia crítica e humanista.

Grupos de latín II.

No instituto hai tres grupos que cursan latín II: dous no réxime de diúrno (un do bacharelato de Humanidades e outro de Ciencias Sociais) e un terceiro no réxime de nocturno (Educación de Adultos).

Para o alumnado de Humanidades é unha materia troncal de modalidade obrigatoria, tanto en 1º como en 2º de bacharelato; para os alumnos de Ciencias Sociais é materia de opción, elixida en 1º e que algúns decidiron continuar en 2º, mentres outros optaron por abandonala e elixir outras materias. Nos dous grupos os contidos, a metodoloxía e os criterios de cualificación van ser idénticos.

No caso do alumnado de nocturno, debido ao carácter especial destes estudos, dirixidos a alumnos-as con diferentes dificultades persoais, familiares ou profesionais, e normalmente sen o obxectivo de facer as probas de ABAU ou de acceder á Universidade, senón só de obter o título de bacharel ou ingresar nun ciclo, os contidos axustaranse aos mínimos imprescindibles e farase tamén unha adaptación da metodoloxía e das cualificacións, tentando facilitar o aproveitamento ao máximo.

Latín II é unha materia troncal de modalidade que ten unha grande importancia para o alumnado que a cursa, xa que puntúa tanto na parte xeral como na específica das probas de ABAU, obxectivo maioritario do alumnado deste curso. Esta é a razón pola que no deseño desta programación se tivo moito en conta tanto os contidos como os criterios de avaliación establecidos polo Grupo de Traballo de Latín da CiUG. Procédese seguidamente a comentar algúns aspectos que parecen salientables.

Unidades didácticas (UD) e temporalización.

Optouse por unha distribución de contidos na que se agrupa en varias UD toda a materia referente aos contidos lingüísticos e a tradución de textos e outras UD independentes coa materia referida á literatura latina e á pervivencia da lingua latina, estando secuenciadas para seren tratadas durante todo o curso.

Faise un reparto equitativo das UD nas tres avaliacións (5/5/4), así como dos bloques de contidos, integrando en cada avaliación o bloque lingüístico e de textos, ao que se lle da prioridade nesta programación (2 UD por avaliación, 6 en total), o bloque de literatura (2 ou 1 UD por avaliación, 5 en total) e o bloque léxico (plurilingüismo), cunha UD cada un por avaliación (3 en total).

CA4.4 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas da romanización na súa contorna, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
14	Léxico III: Etimoloxía.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar os principais cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos no paso do latín ao castelán e galego, facendo comparacións con palabras doutras linguas.	PE	80
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos de uso común e inferir o significado de termos novos aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos.	TI	20
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crear textos (individuais ou en grupo) con intención literaria e conciencia de estilo, tomando como inspiración lecturas sobre a cultura latina ou textos literarios latinos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino.
- Léxico:
 - Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.
 - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.
 - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como ocorre na materia de Latín en todos os cursos, o proceso de ensino-aprendizaxe farase cunha sistemática diferente de acordo a natureza dos contidos impartidos (literarios, léxicos ou lingüísticos).

CONTIDOS DE LITERATURA:

1. Expoñer o plan de traballo.
2. Farase explicación teórica introdutoria de todos os xéneros e autores por medio de apuntamentos proporcionados pola profesora e postos tamén na aula virtual.
3. Acompañaranse os contidos con material audiovisual (imaxes, vídeos e presentacións en power point).
4. Lectura dunha selecta de textos tanto dos autores estudados como de outros, antigos ou recentes, para establecer comparacións e deixar claras as influencias clásicas.
5. Unha vez lido o material de estudo farase unha posta en común, á que se dedicará unha sesión, para resolver dúbidas e/ou afondar nos xéneros e autores. Deste xeito a metodoloxía de traballo proposta para esta UD achégase á da clase invertida ou flipped-classroom e non se fai meramente expositiva por parte da docente.
6. Proporase ao longo do curso un traballo de investigación (individual ou en parella) sobre algún dos temas tratados ou algún tema transversal, que deberá presentarse en forma audiovisual e expoñerse na clase.

A avaliación destes contidos farase:

- Por medio de probas escritas obxectivas.
- A través dun traballo, no terceiro trimestre, do que se lle proporcionará rúbricas previamente aos alumnos.
- Con lecturas (voluntarias ou obrigatorias) relacionadas con algún dos xéneros tratados.

CONTIDOS DE LÉXICO:

Para abordar este eido da materia propónse a seguinte liña de traballo.

Hai tres núcleos de contidos diferenciados e directamente vinculados á proba de ABAU: composición de palabras (en particular valor de prefixos de orixe latina), aforismos de orixe latina e toponimia.

O tratamento de cada un destes apartados farase cunha metodoloxía moi semellante á descrita no apartado anterior.

1. A profesora fará unha sesión introdutoria na que explique aqueles aspectos máis salientables da materia concreta e o material, que tamén estará na aula virtual.
2. Marcaranse uns prazos para a lectura, por partes, destes materiais (posto que son listas de certa extensión: 150 latinismos e 75 topónimos) e, cumprido cada un deses prazos, comentaranse na aula, aportando a profesora as explicacións oportunas e resolvendo as dúbidas.

A avaliación farase:

- Por medio de probas escritas obxectivas.
- Traballo cooperativo en grupo unha vez ao mes sobre cuestións de léxico e etimoloxía, acompañándoas sempre de exercicios prácticos que fomenten o seu bo uso en castelán e galego. Buscaranse ademais expresións latinas utilizadas nos xornais e noutros medios de comunicación e nas redes sociais.

CONTIDOS DE LEGADO:

Para abordar este eido da materia propónse a seguinte liña de traballo.

Os contidos de legado nesta materia están referidos a tres aspectos concretos da herdanza da cultura e civilización romana: a mitoloxía, o dereito e a oratoria. Os criterios de avaliación (CA) do currículo determinan a metodoloxía.

1. Parece oportuno para tratar estes contidos que a persoa docente elabore uns guións sobre aspectos concretos destes temas.
2. O alumnado, a partir da consulta de información e bibliografía moi concreta, elaborará un pequeno traballo de investigación sobre algún destes temas. O alumnado recibirá estes guións na 1ª avaliación e disporá dun prazo amplo para a elaboración do seu traballo que, en todo caso, deberá ser entregado antes de que remate o curso, para que poida ser tido en conta á hora de levar a cabo a avaliación final.
3. Resolveranse dúbidas e orientaranse ao alumnado en diferentes sesións ao longo de todo o curso.

Avaliación:

-A través dun traballo, do que se lle proporcionará rúbricas xunto cos guións, aos alumnos, para que o alumnado saiba de modo claro como vai ser avaliado.

CONTIDOS LINGÜÍSTICOS:

A presenza a fin de curso das probas de ABAU e a súa sistemática de momento condiciona en gran medida o enfoque que se fai da lingua latina, obrigando a un liña gramaticista tradicional, imprescindible para a súa aprendizaxe, e descartando un achegamento máis intuitivo á lingua, ao estilo dos métodos de estudo das linguas modernas.

1. Comezarse o tratamento deste apartado da materia mediante un repaso da gramática tratada en 1º de bacharelato, para despois pasar a explicar os contidos de gramática correspondente a 2º de bacharelato.

2. Normalmente a metodoloxía empregada será a tradicional baseada en breves explicacións teóricas, sempre por apuntamentos entregados na clase.

Todos o material poñeranse tamén na Aula Virtual a disposición do alumnado.

3. Cada clase comezará cun repaso do impartido o día anterior, e ao remate dun tema farase un repaso xeral de toda a materia.

4. Despois da explicación a maior parte do tempo adicarase a actividades de carácter práctico: cuestións de comprensión gramatical, exercicios, e sobre todo tradución dos textos e autores seleccionados pola CIUG, con axuda do dicionario. A clase é fundamentalmente interactiva e propiciarase a intervención e participación activa do alumnado, como forma de facela máis dinámica e especialmente de coñecer o grao de comprensión de cada alumno así como o traballo e esforzo na aula e na casa. Esta interacción farase tanto individualmente como en grupo.

5. Ao traballo realizado en clase engadiráselle a tradución na casa. Serán tarefas sobre os textos, que versarán sobre o explicado cada día, para fomentar o esforzo persoal e para ensinar aos alumnos a afrontar sós o traballo, propiciando a autonomía persoal na realización de tarefas e a resolución de problemas por si mesmos. A tradución tense que xustificar mediante a análise morfolóxica e sintáctica. Ese traballo feito na casa porase en común cos compañeiros posteriormente, facendo un proceso de autoavaliación e coavaliación. Revisaranse e emendaranse de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora.

Para fomentar o hábito de uso da Aula Virtual parte destas actividades faranse a través deste medio. Devolverase corrixido este traballo individualmente a cada un dos-das alumnos-as.

6. Finalmente, este curso, é altamente recomendable que se remate o traballo cun exercicio de tradución do texto ou textos traballados para cada UD, sen axuda do dicionario. Para gañar en eficiencia, os textos de traballo serán textos adaptados ou non da selecta ou selectas dos autores que serán obxecto de exame na ABAU.

-Unha vez rematadas estas dúas fases (a de información proporcionada pola profesora e a do traballo executado polos alumnos) procederase a facer probas de avaliación dos resultados (escritas, orais, observando o traballo na aula), das formas seguintes:

a) Control periódico da asimilación do alumnado, por medio da observación do traballo habitual na clase, de forma individual ou colaborativa (participación, realización dos exercicios, comprensión e atención).

b) Probas escritas frecuentes, que recollerán o traballo de tradución e de análise morfosintáctica e que serán fundamentalmente prácticas, para ter en conta todos os criterios de avaliación; nelas figurarán actividades semellantes ás feitas na aula a cotío.

c) Lectura dos textos en latín (selección de ABAU) e versión aproximada ás linguas do alumnado

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Apuntamentos de contidos:
1.a. Resumo de gramática de 1º de bacharelato e boletíns de exercicios prácticos.
1.b. Materiais de léxico elaborados polo Grupo de Traballo de Latín da CIUG.
1.c. Apuntamentos de contidos gramaticais, literarios e léxicos elaborados pola docente.
2. Escolma de textos orixinais feita pola CIUG.
2.a. Textos obxecto de traballo con notas explicativas feitas pola profesora.
3. Dicionario latín-castelán/galego.
3.a. Apéndice gramatical do dicionario usado.
4. Caderno de clase.
5. Selecta de lecturas, obrigatorias e voluntarias.
6. Aula virtual.
7. Materiais audiovisuais.
8. Actividades complementarias.

1 e 2. APUNTAMENTOS:

Ao non utilizar libro de texto, todos os materiais referidos nos apartados 1 (1.a., 1.b. e 1.c.) e 2 (2.a.) son apuntamentos que se lle propocionarán ao alumnado en papel, por medio de fotocopias, e que se poñerán igualmente a súa disposición, en formato dixital, na Aula Virtual. Neles inclúense materiais proporcionados polo Grupo de Traballo da Latín da CIUG (en concreto unha listaxe de 150 latinismos, outra de 75 topónimos e unha escolma de textos para traducir, presentes todos eles na páxina: <https://ciug.gal/gal/abau/latin-ii>) e outros elaborados pola propia docente (un resumo da gramática estudada en 1º de bacharelato, con táboas de morfoloxía que facilitan o repaso destes contidos; os novos conceptos gramaticais cos exercicios oportunos para o seu traballo; os temas literarios desenvolvidos e explicados; as cuestións léxicas coa explicación etimolóxica correspondente e os textos que se deben traducir anotados e organizados polo grao de dificultade para facilitar o traballo na aula e na casa).

3. DICCIONARIO:

Utilizarase un dicionario latín/castelán ou latín/galego para levar a cabo as traducións. Recoméndase o dicionario escolar de referencia "Diccionario Ilustrado Latino-Español / Español-Latino" da editorial Vox ou o da editorial SM; existe tamén un dicionario escolar en galego, "Diccionario latín-galego" da editorial Galaxia. Alternarase o seu uso tanto na aula como na casa. Neste curso evitarase o uso de dicionarios en liña por non poder utilizarse nas probas de ABAU.

3.a. Parece interesante utilizar (ben para o repaso gramatical de 1º de bacharelato, ben para cuestións puntuais da tradución) o apéndice gramatical que acompaña aos dicionarios, especialmente o do dicionario Vox, por ser este último o máis usado polo alumnado e estar permitido o seu uso na proba de ABAU.

4. CADERNO DE CLASE.

É imprescindible para a parte de lingua e textos. Utilizarase de forma habitual na clase e tamén na casa.

5. LECTURAS.

Non hai lecturas marcadas no programa de Latín de 2º de bacharelato nin son materia de exame nas ABAU; aínda así, sendo a literatura latina un dos bloque do currículo, considerase pertinente facer unha selecta de textos dos autores e xéneros estudados e proporcionar ao alumnado unha lista de obras recomendadas, clásicas e modernas.

6. AULA VIRTUAL.

A aula virtual de referencia para os centros públicos de Galicia é a da plataforma Moodle. Seguindo as recomendacións da Consellería, parece conveniente que esta sexa a aula virtual de referencia da materia. Será un recurso para a comunicación co alumnado, a revisión do traballo na casa e o achegamento de materiais e recursos a todos.

7. MATERIAIS AUDIOVISUAIS.

Utilizaranse vídeos, escenas de películas, DVDs, páxinas web ou blogs de Internet, presentacións ou calquera outro recurso multimedia ou dixital, de elaboración propia ou allea, que axude na aprendizaxe dos temas dados e a faga máis atractiva. A temática é fundamentalmente histórica, literaria e mitolóxica.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

En 2º de Bacharelato ten especial relevancia a asistencia ao Certame de Teatro Clásico (na sede de A Coruña), que pon ao alumnado en contacto directo coas representacións teatrais da antiga Roma e as súas particularidades, materia de estudo neste curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

INTRODUCCIÓN.

Latín de 2.º de bacharelato é unha materia de continuidade, razón pola que normalmente o alumnado que a cursa xa é coñecido para o profesorado. Pódese, porén, producir unha circunstancia que fai especialmente relevante neste curso a avaliación inicial (AI), que se incorpore ao grupo alumnado que cursara Latín I noutro centro ou ben que non cursara Latín I en 1º de bacharelato por cursar outro itinerario dentro da modalidade.

PASOS.

-Durante os primeiros quince días faise un repaso xeral na aula de todo o visto o curso anterior, rematado o cal, realízase unha proba de repaso da materia de 1º, que dá idea do nivel da clase e obriga ao alumnado á revisión de todo o coñecido, antes de iniciar nova materia.

-No caso de haber algún alumno ou alumna novo que levou a cabo un cambio de modalidade e que nunca cursou latín antes, ese primeiro repaso de latín I, que non sería cualificable, permite facer as explicacións mínimas pertinentes e a proba inicial axuda a ver o seu grao de comprensión e o seu esforzo. A partir de aí se lle aplicarían as medidas habituais do alumnado con materias pendentes.

-Ademais do dito anteriormente, para facer unha AI máis efectiva sería conveniente contactar co Departamento de Orientación o antes posible, que transmite a información sobre o alumnado repetidor ou con necesidades educativas específicas, que se terán en conta para a ubicación na aula, a elaboración das diferentes probas ou para o trato cotiá co alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

A AI hase normalmente lévase a cabo antes do remate da 4.ª semana de curso, pero no IES non se fai no nivel de 2º de bacharelato, polo que será simplemente unha proba diagnóstica para a propia docente.

OBXECTIVOS.

1. Identificar e determinar o nivel de coñecemento de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Latín I.
2. Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín II. Aínda que isto xa se fixo en 1º, é importante volver preguntar por este aspecto dado que é moi frecuente que se produzan cambios de motivacións e/ou obxectivos que pode ser relevante coñecer.
3. Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).

4. Identificar o alumnado repetidor.
5. Saber os obxectivos do alumnado, aínda que poden cambiar ao longo do curso (especificamente se pensan facer as probas da ABAU ou non).

INSTRUMENTOS

1. Actas e memoria do departamento do curso anterior.
2. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos cinco obxectivos apuntados anteriormente.
3. Proba escrita sobre os conceptos fundamentais do repaso de 1º de Bacharelato.
4. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de clase e observación na aula.

MEDIDAS COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.

1. Se se advirten malos resultados pola falta de asimilación dos coñecementos previos, incídese no repaso e nos coñecementos lingüísticos imprescindibles para seguir avanzando coa materia.
2. Se o que se percibe é falta de comprensión polo baixo nivel do alumnado ou por teren grandes dificultades de comprensión, revisaranse as explicacións e adoptaranse cambios na metodoloxía (traballo en equipo, máis actividades de traballo práctico na aula e menos exposicións teóricas, actividades de reforzo para algúns, explicacións extra nos tempos do recreo...)
3. Se os problemas non son de grupo senón individuais, procederase a aplicar medidas puntuais de atención á diversidade co asesoramento do Departamento de Orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	3	3	4	10	15	3	3	4
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	3	2	100
Proba escrita	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1. PRECISIÓNS:

A avaliación é continua e progresiva. A materia é acumulativa por avaliacións e non eliminatória, polo que os contidos impartidos na primeira avaliación serán obxecto de estudo tamén na segunda e na terceira. Aplicarase este criterio a todos os contidos do BLOQUE 1 (Comprensión e interpretación dos textos) Os contidos léxicos, literarios e de legado:

BLOQUES 2, 3 e 4 (2. Latín e plurilingüismo; 3. A literatura latina nos seus textos; 4. Legado e patrimonio) parcelaranse por avaliacións e eliminaranse en avaliacións posteriores.

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para a cualificación utilizaranse as probas escritas (probas obxectivas ou exames, tarefas, boletíns, traballos da aula virtual...) adaptados aos contidos das UD avaliadas, e as táboas de indicadores (fundamentalmente rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo). A porcentaxe asignada a cada un destes instrumentos aparece reflectida en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación asignado á mesma.

3. CONTIDOS.

Esta programación prioriza os contidos de natureza lingüística, que suporán o 75% do peso na cualificación final (UD1, 2, 6, 7, 11 e 12) fronte aos contidos literarios e de legado, que suporán o 15% (UD3, 4, 8, 9 e 13), e os léxicos, que sumarán o 10% restante (UD 5, 10 e 14). O peso específico da cada UD figura no apartado correspondente de avaliación das UD.

4. AUSENCIA DE ALUMNADO NOS EXAMES.

En caso de faltar a calquera das probas avaliadas feitas, o alumnado terá dereito a repetila nunha data acordada coa profesora e previa presentación de xustificante paterno/materno de dita falta. Se a falta non se xustifica debidamente, realizarase esa proba o primeiro día que o alumno-a asista a clase.

5. ALUMNADO QUE COPIA NOS EXAMES:

Se se "pilla" a algún alumno-a copiando durante un exame con "chuletas" ou calquera outro sistema, procederase do seguinte xeito:

Se é ao inicio do exame, continuará co mesmo sen axuda; se é ao longo do exame, se lle retirará o mesmo e se lle repetirá o máis pronto posible, se fora posible no mesmo día.

6. CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

1ª AVALIACIÓN:

CINCO UD: media aritmética das dúas primeiras probas + terceira proba= (75% da cualificación) + media aritmética das dúas UD de literatura (15% da nota). A UD de léxico suporá o 10 % restante.

FÓRMULA: Exames [(Exame 1 + Exame 2) / 2 x 0,75 + (Exame final 3) x 0,75] / 2 + (Exame literatura 1 (UD3) + Exame literatura 2 (UD4) / 2 (x 0,15) + Exame léxico (UD 5) (x 0,1)

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL: EXAMES X 0,9 + TRABALLO X 0,1

2ª AVALIACIÓN:

CINCO UD: media aritmética das dúas primeiras probas + terceira proba= (75% da cualificación) + media aritmética das dúas UD de literatura (15% da nota). A UD de léxico suporá o 10 % restante.

FÓRMULA: Exames [(Exame 1 + Exame 2) / 2 x 0,75 + (Exame final 3) x 0,75] / 2 + (Exame literatura 1(UD8) + Exame literatura 2 (UD9) / 2 (x 0,15) + Exame léxico (UD 10) (x 0,1)

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL: EXAMES X 0,9 + TRABALLO X 0,1

3ª AVALIACIÓN:

CATRO UD: media aritmética das dúas primeiras UD (75% da cualificación) + UD de literatura (15% da nota). A UD de léxico suporá o 10 % restante.

FÓRMULA: Exames (Exame 1 (UD11)+ Exame 2 (UD12) / 2 x 0,75 / 2 + (Exame literatura (UD13) (x 0,15) + Exame léxico (UD 14) (x 0,1)

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN FINAL: EXAMES X 0,9 + TRABALLO X 0,1

-A cualificación resultante, se ten decimais, poderá redondearse cara ao enteiro seguinte a partir do 0,6; se a cualificación ten como decimais 0,5 aproximarase ao enteiro superior sempre que a profesora o considere oportuno. Porén para o cálculo da cualificación final utilizaranse as notas reais, con decimais, e non as redondeadas.

-A cualificación obtida polas probas obxectivas terase en conta nunha porcentaxe dun 90%, mentres que o restante 10% otorgarase polo traballo desenvolvido polo alumnado habitualmente na casa e na clase.

6. CUALIFICACIÓN FINAL:

A 1ª avaliación achega o 35 % da cualificación final.

A 2ª avaliación achega o 35 % da cualificación final.

A 3ª avaliación achega o 30 % da cualificación final.

FÓRMULA: $(1^{\text{ª}} \text{ AVALIACIÓN} \times 0,35) + (2^{\text{ª}} \text{ AVALIACIÓN} \times 0,35) + (3^{\text{ª}} \text{ AVALIACIÓN} \times 0,3)$

-Faise a precisión de que se a evolución dun alumno-a é marcadamente ascendente, a nota final será a que acade na terceira avaliación, polo carácter progresivo da materia e a crecente dificultade da mesma. Non se valora máis a última avaliación por ser xeralmente moi curta, estar o alumnado xa moi presionado por exames finais e por ter en latín un carácter fundamentalmente de repaso.

-A cualificación final resultante, se ten decimais, redondearase cara á unidade superior seguinte a partir do 0,6; se a cualificación ten como decimais 0,5 aproximarase á cualificación enteira superior de acordo ao criterio da docente.

-A fórmula aplicarase cunha única limitación, que é ter aprobada, cun 5 polo menos, a 3ª avaliación; é dicir, mesmo tendo algunha avaliación suspensa, se a 3ª está aprobada e a fórmula final da un resultado de 5 ou superior, considerarase aprobada a materia, pero a fórmula non se aplicará se esta 3ª avaliación ten unha cualificación inferior ao 5.

Cráterios de recuperación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN.

PROBAS DE RECUPERACIÓN:

-1. O alumnado suspenso nalgunha avaliación terá a posibilidade de facer unha recuperación parcial dos contidos lingüísticos de cada avaliación despois da cada unha delas, cunha proba escrita obxectiva.

Os contidos léxicos e literarios recuperaranse tamén con probas escritas obxectivas, pero que se poderán facer en calquera momento da avaliación ou do curso, para facilitar o estudo e non coincidir con outros exames de peso.

No caso de aprobar, dita avaliación considerarase aprobada e contará como tal; no caso de suspendela, poderase aprobala superando a avaliación seguinte, posto que conterà cuestións de ambas avaliacións por seren contidos progresivos. En todo caso, os alumnos que suspenderan algunha das avaliacións e non recuperararan terán a posibilidade de tratar de recuperar nunha última proba final, que incluíría contidos de todo o curso.

-2. A fórmula de cualificación final aplicarase a todo o alumnado que teña aprobada a 3ª avaliación, independentemente das cualificacións das avaliacións ou recuperacións previas.

As notas obtidas nos exames de recuperación serán as que computarán para a cualificación final do curso.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

-1. No mes de xuño realizarase unha proba extraordinaria escrita para os alumnos que non superaran a materia. Esta proba conterà os cuestións dos catro bloques temáticos (textos /léxico / literatura e legado romano) e dos contidos fundamentais traballados nas tres avaliacións e nela pódese obter unha cualificación de 0 a 10.

Esta proba global pode ser selectiva e avaliar só daquelas partes que impiden que o alumnado chegue a 5. Cada alumno terá, a fin de curso, un informe individualizado no que se especifiquen os contidos que debe recuperar. A cualificación final obterase aplicando a fórmula de avaliación final coas modificacións necesarias. Por suposto o alumnado ten dereito a facer completa esa proba global e non ter, deste xeito, limitacións na cualificación final polos resultados acadados durante o curso.

-2. As puntuacións da cada pregunta figurarán no propio exame e seguirán os criterios de cualificación seguintes:

- Textos: 6 puntos ; Gramática: 1,5 puntos; Léxico: 1 punto; Literatura e legado: 1,5 puntos.

-3. A nota obtida neste exame será o único elemento que se terá en conta para a cualificación.

6. Medidas de atención á diversidade

No nivel de bacharelato a diversidade do alumnado é menor que no nivel da ESO, onde o ensino é obrigatorio e a disparidade de intereses e capacidades do alumnado son moi evidentes. Agora todos teñen en común ter obtido o título da ESO, o que demostra a súa capacidade intelectual, e cursar un ensino voluntario, cunhas optativas elixidas, o que presupón o seu interese.

Aínda así seguen a existir diferencias, polo que hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

METODOLOXÍA: ORGANIZACIÓN DA AULA.

1. Situar ao alumnado con dificultades de calquera tipo cerca do profesor-a, para poder atendelo con preferencia.
2. Poñerlle ao lado un compañeiro-a que poida axudalo.
3. Atención personalizada aos alumnos. O número reducido do alumnado nas clases dos tres cursos de 2º de bacharel, tanto no diúrno como no nocturno, permiten adicar máis tempo a aqueles que o necesiten.

SECUENCIA DE CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.

1. A redución de contidos para os alumnos con dificultades é imposible porque a maioría debe enfrontar con éxito a proba de ABAU. Non obstante si é posible adaptar un pouco o nivel dos contidos de acordo coa capacidade do alumnado e tamén a temporalización.
2. Intentarase que todos teñan dende o principio un nivel similar, sexa cal sexa a súa procedencia, o propio Instituto ou outro centro, repasando as nocións elementais de lingua latina impartidas en 1º. Deste xeito a base será común, na medida do posible para todos.
3. A materia comprende unha parte práctica e unha máis teórica. Tendo constancia de que a práctica (tradución de textos latinos) adoita ofrecer maiores dificultades para algúns alumnos, procurárase valorar moi positivamente os esforzos que neste campo realicen, pero tamén o interese dedicado á parte teórica (literatura e léxico), normalmente máis accesible para todos, e os bos resultados nesta parte, máis memorística. É dicir, adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación.
4. Distribución de traballos diferentes sen alterar a marcha da clase: máis incidencia nas explicacións para uns, mentres outros poden ir facendo práctica de tradución, é dicir, materiais e recursos didácticos diferenciados.
5. Por último, non podendo alterar, por suposto, os criterios de cualificación que nos exames se aplican, si é certo que no caso dalgúns alumnos o esforzo persoal e a actitude terá unha especial relevancia, contribuíndo positivamente á cualificación final, sen que iso supoña prexudicar aos que, con menos esforzo, logran os obxectivos esixidos.
6. Faranse un gran número de probas e diferentes en canto aos contidos e aos tipos de pregunta, para ofrecer máis oportunidades e dar diferentes opcións segundo as capacidades de cada un. Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación unha vez máis.
7. Traballo en grupo, que permite ver como se desenvolven os alumnos/as no traballo colaborativo, permite velos traballar con menos presión na aula e fai que uns poidan axudar a outros e todos poidan aportar algo ao resultado final.
8. Traballos ou proxectos de investigación individuais, utilizando as TIC, que permiten ao alumnado afondar en temas do seu interese. A súa exposición será oral e a través de medios audiovisuais (vídeos, presentacións...).
9. Poderanse repetir exames para subir nota ou realizar lecturas, para valorar outras formas de traballo, non só o exame e para dar máis oportunidades a alumnos con dificultades. Faranse tamén probas a diario que se valorarán aos que lles saian ben, para premiar aos que se esforzan cada día e aos que acoden a clase coa regularidade debida.
10. Correxiranse os exames na clase e incidirase nos erros, para fomentar a autoavaliación e a coavaliación, facendo as explicacións individuais pertinentes.
11. Adecuaranse ás probas ás necesidades: máis tempo, preguntas curtas, menos cuestións... Poñeranse exames modelo que se farán na clase previamente ao exame ou se colgarán na aula virtual. Correxiranse os exames na clase e incidirase nos erros, para fomentar a autoavaliación e a coavaliación, facendo as explicacións individuais pertinentes a cada un.

METODOLOXÍA: RELACIÓN CO ALUMNADO.

1. Todos os alumnos-as teñen o correo electrónico da docente para que as consultas poidan facerse en calquera momento sempre que o precisen, incluso na elaboración do traballo na casa, sobre todo para aqueles que non contan con axuda nela.
2. A aula virtual, ademais de dispor de todos os materiais da clase, serve como vehículo de comunicación (foros, tarefas...) e para plantexar dúbidas ou resolver cuestións máis aló da propia aula.
3. Explicacións fóra do horario de clase. O tempo dos recreos ofrécese aos alumnos para a consulta de dúbidas e explicacións extra que necesiten.
4. Aos alumnos que o desexen dáselles traballo extra de reforzo que se lles vai corrixindo ao longo do curso.

PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN.

Para o alumnado que suspenda algunha avaliación ou a materia en conxunto farase un programa específico de seguimento, recuperación e avaliación.

COLABORACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

En casos diagnosticados ou no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, atenderanse coas habituais nestas situacións e contarse co asesoramento do Equipo de Orientación.

No caso de precisar medidas extraordinarias, a xestión das mesmas correspondería ao Departamento de Orientación.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse, como queda dito, baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - E.T.1. Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.			X	X				X
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.								X
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - E.T.1. Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - E.T.2. Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - E.T.3. Comunicación audiovisual.	X				X	
ET.4 - E.T.4. Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - E.T.5. Emprendemento social e empresarial.					X	
ET.6 - E.T.6. Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - E.T.7. Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - E.T.8. Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - E.T.9. Creatividade.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

1. e 2. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia; a comprensión lectora traballarase un mínimo diario en cada sesión lectiva, por iso todas as UD inclúen algunha actividade de lectura de textos de diversos tipos; a segunda está deseñada para que o alumnado aprenda a expresarse por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.

3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na parte de literatura e legado, fomentando o uso de recursos audiovisuais complementarios e a elaboración de traballos que inclúan a produción de materiais audiovisuais propios.

4. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.

5. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas UD 8 e 13, nas que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma, coa evolución da sociedade e co uso da oratoria como recurso para obter logros políticos, sociais e económicos.

6. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións da profesora e do propio alumnado.

7. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.

8. A igualdade de xénero. A docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade. É especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (débesse incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana); este elemento transversal debe referirse a todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ao mesmo.

9. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Visita á biblioteca do centro.	O alumnado visitará a biblioteca do centro para coñecer que recursos relacionados co latín, coa literatura latina en particular e coa cultura romana en xeral ten a biblioteca escolar.	X		
2. Asistencia ao Certame de Teatro Grecolatino de Galicia, en Coruña.	O alumnado de 1º e 2º de bacharelato asistirá a unha representación dunha comedia latina de Plauto e dunha traxedia grega nalgunha das sedes do festival.		X	
3. Participación na IX Olimpíada de Latín.	Parte do alumnado de 2º e, se fora posible, de 1º de bacharelato, participará na edición da Olimpíada de latín, organizada pola Facultade de Filoloxía da USC.			X

Observacións:

As actividades en 2º de bacharelato están limitadas polo carácter do propio curso e por normas do instituto, para favorecer ao máximo o rendemento académico nun ano moi comprometido para o alumnado.

1. A visita á biblioteca do centro estará vinculada ás actividades de promoción da lectura da biblioteca e é especialmente relevante neste curso, que profundiza no estudo da literatura latina clásica.

Data: mes de outubro.

2. A asistencia á representación dunha comedia latina e dunha traxedia grega é unha actividade moi axeitada por ter que estudar os alumnos de 2º os xéneros teatrais como parte do programa de literatura. Procurarase que as obras que se propoñan como lectura coincidan coa representación vista.

Actividade para os cursos de 1º e 2º de Bacharelato. Data: mes de febreiro. Lugar: A Coruña.

3. O alumnado con bo nivel de tradución participará na Olimpíada de latín, organizada pola Facultade de Filoloxía da USC. Esta proba permite ver o seu nivel de tradución e, pola súa data, serve de preparación para as probas de ABAU. Ademais fomenta o afán de superación e a competitividade sana.

para o curso de 2º de Bacharelato. Data posible: mes de maio. Lugar: Santiago de Compostela. Actividade

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A. 5. Os resultados de avaliación e finais son os esperados.
Metodoloxía empregada
A.4. Uso de diferentes instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A.2. Valoración do traballo na aula en diversos aspectos.
Medidas de atención á diversidade
A. 3. Detéctanse con celeridade os/as ACNEAE, a súa casuística e póñense en marcha as medidas precisas.
Clima de traballo na aula
A. 1. A motivación e participación do alumnado e o grao de satisfacción coa materia e a profesora é alta.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A. 6. Cóntase coa participación das familias, de Orientación e de todo o equipo docente

Descrición:

A. Indicadores de logro do proceso de ensino.

Este proceso avaliarase cunha escala de indicadores (Alto/Medio/Baixo), atendendo aos seguintes factores:

TRABALLO NA AULA

A.1. Motivación e participación do alumnado. Grao de satisfacción.

Revisarase este logro mediante unha escala que observe e avalíe:

- A participación activa de todo o alumnado na desenvolvemento da clase.
 - Se o nivel de dificultade é axeitado para o nivel da clase.
 - Medirase a motivación e curiosidade que se desperta nos alumnos, máis alá dos contidos obrigatorios da materia. Farase tamén unha enquisa anónima entre o alumnado, onde expoñan:
 - O seu nivel de satisfacción coa metodoloxía empregada.
 - A satisfacción coa labor docente da profesora e o seu trato.
 - Terán a posibilidade de facer propostas de mellora.
- Todo isto é fundamental para coñecer a súa satisfacción xeral e o seu grao de comprensión da materia.

A.2. Valoración do traballo na aula.

Farase revisión periódica (por cada UD) do desenvolvemento do traballo na aula, tendo en conta:

- Se a temporalización, os contidos, as actividades os recursos utilizados e a marcha xeral da clase se corresponde co establecido na programación.
- Se é necesario facer modificacións en calquera dos aspectos anteriores, ben neste mesmo curso ou no curso seguinte.
- Se se valora o traballo observado na aula, sexa individualmente ou no grupo, e o traballo na casa.

MEDIDAS DE ACNEAE

A. 3. Atención á diversidade.

Terase en conta para avaliar este indicador:

- A realización dunha avaliación inicial no mes de outubro, para detectar con rapidez os problemas do alumnado e as diferentes casuísticas.
- A colaboración e coordinación co Departamento de Orientación, na busca de ACNEAE.
- Contemplará se se adoptaron as medidas curriculares, organizativas e metodolóxicas necesarias.
- A efectividade da observación na aula.

METODOLOXÍA.

A.3. Uso de diferentes instrumentos de avaliación.

O proceso de ensino medirase:

- Polo uso de diferentes instrumentos de avaliación e incluso pola incorporación de instrumentos non previstos de acordo ás necesidades da aula.
- Pola revisión do conseguido con eles.
- Pola adaptación de diferentes instrumentos según a marcha da clase ou do curso, para darlle oportunidades a todos os alumno/as.

RESULTADOS DE EVALUACIÓN E FINAIS.

A. 5. Resultados.

Na escala de valoración teranse moi en conta os resultados, que dan medida dos logros conquistados no proceso de ensino-aprendizaxe:

- Medirase se os resultados de avaliación son os esperados de acordo ao traballo e actitude que o alumnado amosou no trimestre e se a previsión, feita pola observación cotiá da marcha da clase, cun grupo de alumnos normalmente non moi grande, se corresponde co logrado.
- Adoptaranse medidas para a mellorar os resultados, se fora necesario: diálogo co alumnado, cambio na metodoloxía...

COORDINACIÓN.

A. 6. Participación das familias de Orientación e do resto do profesorado do grupo.

Examinarase tamén a relación co alumnado e a preocupación polo mesmo facendo unha escala sobre:

- Contouse co apoio e implicación das familias.
- Mantívose contacto periódico coa familia a través do titor-a.
- Soubéronse e tivéronse en conta as problemáticas familiares ou persoais do alumnado para entender a súa actitude e o seu esforzo.
- Mantívose diálogo co resto do profesorado para facer un traballo conxunto.

B. Indicadores de logro da práctica docente.

Aínda que o proceso de ensino e aprendizaxe é difícil de separar, no que afecta ao traballo máis específico da docente farase revisión mensual, por avaliación e a fin de curso, valorándolos nunha escala de indicadores (Alto/Medio/Baixo), dos aspectos seguintes:

1. Conséguese un clima de silencio e atención na clase axeitado para as explicacións e agradable para a participación.
2. Fanse explicacións xerais para todos os alumnos.
3. Fanse explicacións individualizadas se é necesario.
4. Compróbase de distintos xeitos o grao de comprensión do alumnado (preguntas na clase, probas, observación do traballo na aula...).
5. Elabóranse actividades variadas e estratexias metodolóxicas diferentes segundo os contidos impartidos.
6. Trabállanse todos os contidos segundo o previsto.
7. Elabóranse probas de avaliación axeitadas aos contidos impartidos.
8. Elabóranse actividades e probas de avaliación que teñan en conta a atención á diversidade.
9. Trabállase individualmente e en equipo.
10. Trabállase coa comprensión e expresión oral e escrita.
11. Favorécese o gusto pola lectura.
12. Utilízanse as TICs.
13. Danse aos alumnos con rapidez as probas e traballos corrixidos.
14. Coméntanse cos alumnos os erros cometidos nestas probas e acláraselle a puntuación obtida e o porqué da mesma.
15. Colabórase co titor nas tarefas de información ás familias, do correcto comportamento na clase e da obtención de bos resultados académicos.
16. Aténdese aos elementos transversais.

C. Instrumentos de avaliación.

Para avaliar, de forma reflexiva e autocrítica, o o proceso de ensinanza-aprendizaxe e a súa eficacia pódense utilizar diferentes instrumentos de recollida de datos:

-Diario de aula (que recolla situacións da clase, referidas aos contidos traballados, aos recursos didácticos e actividades e á metodoloxía)

-Rúbrica de autoavaliación da profesora.

Medirá o grao de cumprimento da programación (UD completadas e actividades feitas), o grao de comprensión do alumnado e os resultados académicos.

-Enquisas dos alumnos.

Valorará, como xa se indicou antes, o seu nivel de satisfacción coa metodoloxía empregada, a satisfacción coa labor docente da profesora e o seu trato e farán propostas de mellora.

-Táboas de indicadores para a valoración dos apartados anteriores.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións).

Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

a. Resultados académicos do grupo.

b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.

c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

3. Propostas de mellora.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

Estas modificacións poden afectar a diversos parámetros:

- a. Modificacións na metodoloxía de acordo aos resultados ou a motivación do alumnado.
- b. Versatilidade nos recursos.
- c. Diversificación dos instrumentos de avaliación.
- d. Tempos: as propostas de mellora pódense facer non só de cara ao curso seguinte, senón tamén ao rematar cada UD ou proxecto, cada mes ou por avaliación.

9. Outros apartados